# XXI Certame Literario

## Concello de Paradela

**Premios poesía e narrativa**

Manuel-Oreste Rodríguez López

# XXI Certame Literario

## Concello de Paradela

**Premios poesía e narrativa**

## Manuel-Oreste Rodríguez-López

# *Limiar:*

Creemos que a confianza na obra de **MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ**, invita ao traballo, dende o compromiso de transmitir a súa vontade de contribuír a mellorar a sociedade.

Por que el si CRE, e por iso constrúe dende a confianza en si mesmo. Despois de prepararse con tesón, e moito esforzo, non ausente de importante sacrificio persoal, acadando as súas capacidades, ata rematar en **Exemplar - Mestre**.

CREA, agora dende a súa estadía no Alén, orientando o acontecer diario de todo o que se fai dende o seu ideario, incorporando novos valores individuais, que van acrecentando a gran familia dos que CREN e CREAN, por e para a sociedade, dende o compromiso dos seus valores espírito – humanísticos. Sendo a saíva que se precisa para que nunca falten canles, aos que achegarse, na procura do coñecemento ou invitación a celebrar con vontade e capacidade compartida.

Si, Manuel Rodríguez López, foi o mellor Poeta - Obreiro da segunda metade do século pasado, eu cualificaría na actualidade como **Obreiro das conciencias**.

Exposición itinerante dende agosto do 2013, sen deterse, percorrendo a Península Ibérica. Neste ano a piques de rematar, visitou: Celanova na casa dos poetas, Centro Galego de Salamanca, Centro Galego de Vitoria, Biblioteca de Viveiro, Casa de Galicia en León, Centro Galego de Lisboa e Biblioteca Lucio Craveiro da Silva de Braga.

**Certame**: Invitámolos a participar na ledicia, que nos produce o encetar unha nova década ca presentación da 21 edición (1995-2016), que como sempre nos congratula cunha amplísima concorrencia, 706 par-

ticipantes. Satisfacenos o poñer a disposición da sociedade esta nova publicación que hoxe se presenta, tendo en conta, que este ano baixo a edición de libros impresos en papel, nun 34%; ata neste senso somos tradicionais.

Parabéns, aos membros do xurado, que tiveron que dedicarlle moitas horas con gran esforzo, para estudar todas e cada unhas das obras concursantes, repasando e confrontando ata o minuto final da xuntanza definitiva, na procura da ecuanimidade.

E, non se me esqueceu o mais importante deste Certame literario, que son os AUTORES-CREADORES, sen eles, a sociedade, estaría orfa, en canto aos vieiros dos verbos: *Amar, Crear, Crer, Confiar, Conxugar, Motivar, Reflexionar, Sentir, Sufrir, Viaxar, etc*. O seu esforzo e dedicación son vitais para unha sociedade, que cada vez, esta mais necesitada de persoeiros comprometidos, e xenerosos na creación de aportacións, que nos axuden a orientarnos, a saír diste barullo, que nos mantén extraviados, no camiño a ningures.

Felicitamos, aos nove autores, que acreditaron coa obra presentada a súa valía, amplamente refrendada logo polos seus currículos.

Grazas  por acudir a este certame, que dende a humildade, non fai mais que ser fiel o fillo Predilecto, e Excmo Señor Manuel Rodríguez López.

*"Aunque nada cambie, si yo cambio, todo cambía". Honore Balzac.*

Paradela, Novembro 2016.

José Manuel Mato

# Un obreiro

Estabamos en Compostela vendo unha mostra antolóxica de Frida Kahlo. Ao meu carón un pintor amigo, sen minusvalorar nin moito menos desprezar a oferta artística da mexicana, logo dun prolongado silencio comentou a xeito de resumo: "Os mitos tamén se crean". Para min, que atribuía inxenuamente a méritos intrínsecos o prestixio dun autor, a contundencia daquela frase, "os mitos tamén se crean", foi unha especie de revelación.

Coa súa lucidez habitual, Borges ten reflexionado sobre a "sorte dos poetas", ese mañizo de circunstancias e avatares que converten un escritor en referente, mentres outros, con iguais ou superiores valores, sinten sobre o seu nome a poeira do olvido. A día de hoxe, non teño dúbida de que parella á excelencia da obra, ha ir unha axeitada divulgación. Non abonda coa valía, coa calidade, é preciso facela visíbel para que poida ser coñecida e aproveitada. Manuel Oreste Rodríguez López tivo a desgraza de falecer moi novo, en plena madurez vital e literaria. Porén, viu (se cabe falar así) compensada a súa temperá desaparición co apoio do seu concello, Paradela, co alcalde á fronte, que non cesou de teimar na súa dignificación como escritor, propiciando ademais o descubrimento de novos valores a través do Certame literario que leva o seu nome.

O mito de "obreiro" acáese ben á figura de Manuel Rodríguez López, por tantos conceptos admirábel, aínda que sexa un obreiro ilustrado, un humanista cunha ampla bagaxe cultural en linguas clásicas, filosofía, literatura e historia, adquirida mercede ao propio esforzo e ao proveitoso paso polo seminario de Barcelona. En rigor, o seu traballo de oficinista e xefe de persoal nunha fábrica de motos (iso temos entendido) non o configura como un "obreiro" strictu sensu (desde esa consideración, todos o seriamos). Ora, responda ou non a unha realidade biográfica, o certo é que Manuel Oreste Rodríguez López asumiu como propias as vivencias daqueles compañeiros ao seu cargo, cos que convivía e aos que quizais se encargaba de remunerar a "soldada mínima"; o certo é que interiorizou as súas angueiras e o seu drama e desde a asunción dunha conciencia de clase, fixo súas tamén as reinvindicacións colectivas. Reveladora resulta a dedicatoria, nun dos libros, a Xosé Lois García, "...que tanto sabe da problemática obreira que estamos a sufrir na Gran Cidá" (ese "estamos a sufrir", constitúe todo un posicionamento).

Sen discutir o carácter intuítivo, mesmo irracional, da obra literaria, que permite –esa é tamén a súa grandeza– a creación de obras mestras por persoas non ilustradas, mentres que grandes científicos e catedráticos non son quen de dar coa tecla máxica da arte, unha proba evidente da capacidade intelectual de Manuel Oreste Rodríguez é a versión ao galego da L´Atlàntida, o magno poema de Jacinto Verdaguer. Un verdadeiro desafío, pola extensión e pola complexidade do texto, inzado de voces arcaicas, xiros locais e neoloxismos. Unha dificultade que poucos estarían en condicións de superar, como no seu día recoñeceu Menéndez y Pelayo: "...Por eso me dejan pasmado ciertos

críticos castellanos que hablan y juzgan el poema como si del todo lo hubiesen entendido". E engade: "No ha de dudarse, sin embargo, que la audacia, libertad y gallardía con que el señor Verdaguer maneja su lengua, le ha hecho encontrar inestimables tesoros, frases y modos de decir pintorescos y olvidados, y tal variedad de denominaciones para un mismo objeto, que ha sido y ha de ser la desesperación de sus traductores".

Eu non sei se Rodríguez López desesperou coa tradución de L´Atlàntida pero son conscente do inmenso logro de re-facer, de re-crear, baixo pautas, ton, timbre e psicoloxía galegas unha obra que sendo catalá é universal, de maneira que pode resultar esaxerado, pero non impropio, dicir que sendo de Mosen Verdaguer, A Atlántida é tamén de Manuel Oreste Rodríguez López. Ao parecer, segundo conta o profesor Alonso Montero, a primeira intención de Manuel foi achegarse ao poema Covadonga, do xesuíta e filántropo Padre Antonio Rubinos, unha epopea en XV xestas, con todos os requisitos do xénero: retórica épica, comparacións míticas, alegorías, densidade rítmica e vontade de estilo.

Persoalmente descreo de tales proxectos faraónicos, así procedan de Nikos Kazanzakis, cos 33.333 versos da súa Nova Odisea, o Neruda do Canto General ou Os Eoas de Eduardo Pondal. No caso de Rubinos, pretendía unha volta ás "verdadeiras" raíces de España, simbolizadas na gloriosa tradición de Covadonga, algo semellante a Pondal quen fai n´Os Eoas unha loubanza exaltada de España e da españolidade: Os "eoas", "fillos do sol" ou "fillos da aurora", alcumes cos que os indios americanos denominaban aos españois no momento da descuberta, serían os deuses, os heroes a imitar. Resulta, xa que logo, unha incoherencia por parte de Pondal reivindicar a cultura galega loubando a imaxinería e a épica españolas, cando desde España se negou sistemáticamente por cativo, inferior e desprezábel o ser nacional galego. Como ten suliñado Luís G. Soto, "non é posíbel dignificar o galego pola vía de facelo cantor da imaxinería española, isto é, da imaxe da súa negación".

Manuel O. Rodríguez López non coñeceu, non puido coñecer o poema de Pondal (miles de versos amoreados nunha maleta durante setenta anos!), proxecto megalómano que aínda non vira a luz, pero coñeceu o tamén errado Covadonga do Padre Rubinos, á vista do cal emprendeu a inxente tarefa de traducir L´Atlàntida ao galego. Esa soa achega sería suficiente para recordalo.

Poeta estimábel, escritor, reporteiro e traductor valioso, Manuel O. Rodríguez López continúa vivo na memoria do seu pobo grazas ao esforzo do Concello de Paradela e ao cariño de Santiago Rodríguez, que traballo arreo por manter vixente a obra de seu pai. Sirvan estas breves palabras como sinxela homenaxe.

Xulio Valcárcel
(A Coruña, outono, 2016)

# O Proxecto Manuel

A finais do ano 2012 GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A primeira acción da campaña consistiu na **creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org**, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.




Catro anos despois, esta web recibe máis de **4.000 visitas mensuais**. É dicir, máis de **100 persoas cada día** entran nesta plataforma para descubrir ou coñecer mellor a Manuel Rodríguez López.

Veu despois a **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web). Esta exposición púxose en marcha en Paradela, en agosto de 2013, para ir despois a Lugo (coincidindo co San Froilán) e Begonte (Nadal). Xa en 2014, continuamos en Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo de Pobo Galego), Vilalba, A Coruña (Biblioteca Nodal) e no Centro Galego de Barcelona. No ano 2015, a exposición estivo en Ourense, Ponteceso, Guitiriz, Meira, Ferrol e Pontevedra. E repetiu visita en Lugo, Paradela e Santiago de Compostela.

O ano 2016 supuxo un salto cualitativo moi importante para a exposición itinerante: non só seguiu percorrendo Galicia (visitando Celanova, Verín e Viveiro), senón que chegou a varios Centros Galegos do noso país (León, Salamanca e Vitoria). Pero o que realmente fixo medrar o impacto e a visibilidade da mostra foi o feito de cruzar as nosas fronteiras, e chegar a Portugal, visitando o Centro Galego de Lisboa e a Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva en Braga, da man da Universidade do Minho.

# Rodríguez López

*Por Antonio Giz*

A madurez do proxecto Manuel Rodríguez López queda patente no **impacto cada vez maior que ten nos medios de comunicación**, tanto en papel como en Internet. Se as primeiras exposicións practicamente non tiveron presenza nos medios máis aló do anuncio nos medios locais, a exposición en Braga supuxo decenas de aparicións en medios españois e portugueses, e mesmo varias notas de prensa en medios locais de Braga.



Por outra banda, vimos de publicar recentemente as **reedicións de dúas publicacións** de grande importancia no proxecto: a Antoloxía Poética, creada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez, e o folleto que recolle todos os contidos da exposición itinerante. Isto foi posible grazas á incorporación dun novo co-patrocinador do proxecto, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Ademais do Consello, son moitas as entidades que permiten levar a cabo este proxecto coa súa colaboración: a Familia de Manuel Rodríguez López, o Concello de Paradela, a Deputación Provincial de Lugo, a Real Academia Galega, e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura. Grazas a todos eles.

Para finalizar, o noso máis especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.

**Antonio Giz**
**Director de GaliciaDigital**

# Bases da XXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

O Concello de Paradela, co afán de potenciar a creación literaria, convoca a XXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa e poesía.

**PRIMEIRA.**- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

**SEGUNDA.**- Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

**TERCEIRA.**- Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética iniciase o día un de outubro de 2015 e rematará o trinta de novembro de 2015.

As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

**CONCELLO DE PARADELA**
**Certame literario**
**(Modalidade Poesía/Narrativa)**
**Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15**
**27611 Paradela-Lugo**

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta **concello.paradela@eidolocal.es,** deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica.
- Título da obra.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

# Modalidade: Narrativa e Poesía

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**CUARTA**.- Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00€) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *poesía* e outro de seiscentos euros (600,00€) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *narrativa.*

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata tres mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

**QUINTA**.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2016 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello **www.paradela.es** e **www.concelloparadela.es**; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

**SEXTA**.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardonados cos premios, accésits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido dotación económica e haber concurrido a outros certames.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXI Edición.

**SÉTIMA**.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 16 de xuño de 2015
O Alcalde-Presidente
Asdo.: José Manuel Mato Díaz

# Acta do Fallo

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as trece horas do día trinta e un de maio de dous mil dezaseis, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Dª. Mariña Gueimunde González (Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, que da fe do acto.

Constituise o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, Dª. Mariña Gueimunde González, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse setecentas seis (706) obras, das cales dúascentas noventa e catro (294) corresponden á categoría de poesía e catrocentas doce (412) á de narrativa.

Resaltar o feito de que só cincuenta e oito (58) obras foron remitidas a través de correo postal, polo que as restantes seiscentas corenta e oito (648) foron presentadas a través de medios telemáticos. Tamén se ha de significar que só cincuenta e unha (51) obras foron presentadas en lingua galega, debido en gran parte, a que moitos dos autores proceden de Sudamérica e de todas as partes de España.

Foron retiradas oito obras (8) obras a instancia dos autores; dúas por mor da súa publicación e seis por resultar gañadoras noutros Certames, o que pon de manifesto o elevado nivel dos participantes, non só en número senón tamén en calidade; polo que se someteron ao exame do Xurado, seiscentas noventa e oito (698) obras.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

# da XXI Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

**PRIMEIRO.-** Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema e título **CHUVIA.** Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Jonatan Rodríguez Cabaleiro,** de Ponferrada (León).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA.**

- **Primeiro Accésit**, baixo o lema *Juan Cristóbal* e co título **DIARIO DE UN SUICIDA**, cuxo autor é **Don José Manuel Pardo del Arco** de Lima (Perú).
- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título **AS MULLERES E AS AUGAS**, cuxo autor é **Don Gumersindo Villamayor Martínez** de A Estrada (Pontevedra).

A mención de Honra recaeu, na obra baixo o lema *Illas Atlánticas* e título **NOITEGADAS DO ALBATROS** Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona María Teresa Iglesias Yugat**, de Santiago de Compostela

**SEGUNDO.-** Outorgar o premio de **NARRATIVA,** á obra presentada baixo o lema *Segundas oportunidades* e título **PREPARATIVOS**, compróbase que a súa autora é **Dona Victoria Pelayo Rapado** de Cáceres.

Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA.**

- **Primeiro Accésit,** á obra presentada baixo o título **LA LIBRETA DE LAS EMOCIONES**, sendo o seu autor **Manuel Luque Tapia** de Doña Mencía (Córdoba).
- **Segundo Accésit,** á obra presentada baixo o título **TORRE NOVA,** cuxo autor é **Pepe Pol** de Montefurado – Quiroga – Lugo.

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema *Iriote* e título **MORRER EN SAMARCANDA**, pertencente a **Marcos Dios Almeida** de Panxón – Nigrán – Pontevedra e a obra baixo o lema *O que daría por volver a camiñar por aqueles cómaros verdes* e titulada **EL ANCIANO DE SANTA MARÍA DE LOIO,** cuxo autor é **Don Miguel Mosquera Paans** de Ourense.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.

# Premio Poesía



**JONATÁN CABALEIRO (Vigo, 1972).**

É Enxeñeiro de Montes, investigador, formador e escritor. Foi distinguido en distintos certames literarios en galego e castelán:

- XXI Certame Literario de Piñor (2º Premio narrativa. Piñor, 2016).
- XXIV Certame Literario A Pipa (1º Premio dramaturxia breve. Becerreá, 2015),
- XXVII Certame de Poesía Feliciano Rolán (3º Premio. A Guarda, 2013),
- X Certame Literario San Xurxo (1º Premio poesía. Centro galego de Barcelona, 2008),
- II Certame de Poesía Claudio Gutiérrez Marín (Finalista. Madrid, 2002),
- X Certame Francisco Fernández del Riego (3º Premio poesía. Lugo, 2002),
- I Certame de Poesía Claudio Gutiérrez Marín (Poemas seleccionados. Madrid 2001 )
- IX Certame Francisco Fernández del Riego (2º Premio poesía. Lugo, 2001)

Ten publicados os libros "Poemas dixitais do século XXI" (2015) e "Poemas de namorados para 7 semanas e 1 día" (2015); unha decea de libros divulgativos e técnicos en materia medioambiental; e ten realizado guións de teatro e de anuncios de televisión.

# *Chuvia*

*Jonatán Cabaleiro*

**Na sombra** das ás das pombas teño a paz
tola das canaveiras nun día con pel de furacán.
Pero como sei que no ollo do pozo cabe a doada alma da auga,
aturo sinxelamente o chisco discreto co que me chama con aneis
como unha soga de cadeas concéntricas.

Si!, espida, vístome desa sombra
coa que as perlas caen nos cantís ata as furnas abisais das quimeras.

E co traxe das tremoias dos camiños
baixo cos segredos do cerebro do perdón
ós buratos das toupeiras que minan nos campos da madeira das acacias.

As miñas augas querían lareiras de hedra
e levarlle as virxes das fontes
e darlle os veos do Universo
e mover o badalo das campaíñas cunha verba pura,
co brinco dunha denociña coa man da escuma das cerdeiras.

Ah! Pero as miñas augas tiveron o aceiro das olas medrándolle na gorxa
e lanzando coitelos co arco da vella, nas últimas miradas...
nas que morreron afogados polo veriño azul dos ollos
todos eses animaliños.

**Agora son a mellor prisioneira** das pedras.
Desas que percorren os ríos como unha sementeira
de pisadas dos xigantes das fervenzas do tempo.
Son a súa mellor prisioneira porque nin cos ferros do corpo de pan debuxando liñas de horizonte podería marchar tras delas./

Eu non quero o péndulo dos pasos que lle poñen gardas ós meus ollos,
nin saber nada dos canteiros da canela a renegar da delicia das formas.

Son a súa mellor prisioneira porque nos cepos de seda dos camiños
só hai pantasmas de caricias que morreron de tristura,
porque deixo no patíbulo dos encadeados ós bancos
fogueiras de madeira que medrou nas pedras das igrexas,
para queimar roupas de presidiario.

Nelas, como unha nube recén nacida, boto a chorar
espida dos seus peitos.
Endexamáis lles dixen
con cordas anoando nas gorxas dos cabelos
que me deixaran fuxir das illas,
e que puxeran chalanas de linguas e de nádegas de golfiños e baleas.
Nunca deixei fuxir un pito con tanto garfo co que me arrincaba os dentes,
ata que fósemos ó niño das lontras
a comer a carne inacabable dos arcanxos.

Son a mellor prisioneira destas pedras,
destas pedras de pan e de unto.
Pel, mans e ollos están afeitos
á súa desgracia de lingua de parrulo.


Son tan boa prisioneira destas pedras que faría castros mil veces no ar,
e poría canteiras en toda-las lúas
para tocarlle ca armadura deste cárcere cancións de cinceles para manteiga.

**Pasei a liña do mal** cando botei os últimos bancos nas estrelas
e vinme reflexada nos mares da lúa.
Se non fose polas pedras que levo,
iría camiñar polos suburbios que orbitan preto dos veos.

Pero –outra vez un pero coma un can-
esmáganme o lombo de mármore,
e os brazos de chumbo non me deixan chegar
ó núcleo dos soles azuis e verdes.
E se non fose polas pernas de pau,
pasearía polas congostras das varcias.
Se non tivese esta lingua de eivada,
daríalle sabas de noites de bodas ás couzas
que levan no peito tódolos contos do meu maxín.
(Esas historias de libros queimados escríbense en labras de carpinteiros,
e aquí nos chanzos do inferno, son só una frutiña no medio de ferreiros).

Cando a burbulla dos peteiros comenza a romper os reflexos do bosque,
escoito as risadas dos demos, que se achegan a comer madeira.

Pero –outra vez un pero como un alarido-
a liña do mal é un cable de telégrafo que me escabezou
cando caín do ceu:
deixei o corpo pendurado para os corvos
mai-lo meu maxín segue a caer.



**JOSÉ MANUEL PARDO DEL ARCO**

José Manuel Pardo del Arco (Juan Cristóbal) (Lima, 1971), Poeta, Premio Nacional de Poesía 1971, Primer Premio Juegos Florales de la Universidad Mayor de San Marcos, 1973, Mención Honrosa en Casa de las Américas, Cuba, 1973. Periodista y profesor de Comunicaciones y de Literatura. Licenciado en la Universidad Nacional Mayor de San Marcos. Ha publicado numerosos libros de poesía, narrativa, testimonios y crónicas. Entre sus principales obras poéticas se destaca "El Osario de los Inocentes" (1971), "Estación de los desamparados" (1978), "La isla del tesoro" (1982, primera edición, al alimón con el poeta chileno Jorge Teillier), "Poblando los silencios" (1996), "Los rostros ebrios de la noche" (1999), "Final de vida" (2004), "Para olvidar a la muerte" (2008). La **saga literaria**, "**Del absurdo y la desesperanza**": "Hórridas mañanas" (2010), "Kafka" (2010), "Cuaderno de las desilusiones" (2013). "Gritos" (2013). Y su último libro: "Desde una aparente serenidad" (2014). Entre sus textos testimoniales: "¡Disciplina, compañeros!" (1985), "La memoria es un arma" (2002), "Uchuraccay o el rostro de la barbarie" (2003).

# *Diario de un suicida*

*José Manuel Pardo del Arco (Juan Cristóbal)*

Este camino Nadie lo
recorre Salvo el
crepúsculo

**BASHO**

La vejez mecía mi corazón como una loca a un
niño muerto

**O.W. de LUBICZ MILOSZ**

Un joven, cargado de silencios, pasa en la mañana. Su mirada es un
cielo más en la vejez de su cansancio.
Garúa de por medio, cruza por el parque, con ese permanente
deseo de vivir y morir entre los brazos de sus hijos para
que el mundo no lo olvide.
De pronto se detiene en una esquina,
como presintiendo que no tiene mucho tiempo para soñar con
los recuerdos de su madre
ni con las estrellas desesperadas de su vida.
Entonces se sienta en una banca, mira el cielo
gris, devastado por la niebla,
del cual jamás pudo escapar desde los silencios de su infancia, y se
echa a descansar (hay muchas formas de aceptar

el paso de la muerte), soñando, seguramente,
con esas flores que se marchitaban en las ventanas de su casa
mientras la garúa le resbala, lentamente,
por los resplandores enceguecidos de su frente.

Las palomas vuelan de los techos, perdiéndose en las nubes. El
árbol, añoso, de flores amarillas, nos recuerda los tiempos
vividos en la casa
donde levantábamos almas hechas de azares y naufragios. Un
drogadicto, casi como un fantasma, desemboca,
sonámbulo, por la esquina, frotándose los ojos,
rojos por el ron y la agonía de sus días.
Tambaleándose, intenta hablar con las sombras de sus pasos,
Pero las palabras no le llegan. Ni las palomas que vuelan de los techos,
perdiéndose en las nubes, ni el viejo panadero
que llega como siempre
tocando su bocina, escuchan sus sonidos.
Inesperadamente,
la perra del vecino ladra desde sus rincones infinitos
tratando de espantar, moscas y rencores que viven procazmente en
el fondo solitario de la noche,
pero la reja de madera y el frío provocador de la desidia se
lo impiden,
como al joven drogadicto, cuando trata de alcanzar,
entre los árboles añosos, de flores amarillas, los recuerdos eternos y
fugaces de su vida.

Nadie se asoma a las ventanas. Todos miran
de otro modo la imagen borrosa de sus días.

La ropa, tendida en los balcones, se mueve como un espejo
turbio en los ojos de las madres,
a quienes ya no les preocupa el aire de la dicha ni el
misterio erosionado de la muerte.
Un carro, lleno de escolares, desaparece
sin dejar rastro de su rápida existencia,
como si el atardecer lo condenara
a permanecer miles de años en la lluvia. Todo
lo cual nos hace recordar que el mar,
ese intérprete fiel de vagos y mendigos, no
pestañea ni siquiera en la mañana,
ni en los arco iris de los puentes, donde aun viven,
llenos de miserias, los que antes eran
hijos del sol y ahora de la luna.

Cerca de los pinos, una muchacha, en voz baja,
mirando las magnolias,
dice, como cercada por los muros insepultos de sus pasos,
Yo no sé nada de las hogueras del pasado, tampoco
de la felicidad de las almendras, pero conmigo
jamás habrán de derrumbarse las paredes de
la dicha.
Luego de percibir la oscuridad extraviada de sus manos
se aleja prontamente por los rieles herrumbrosos de los trene
llevándose los sueños y los trigos por delante,
sabiendo que el juicio final jamás iluminará las huellas de sus ojos. Y
allí, entre el vestigio del rocío y los mensajes mudos de la calle,
estoy solo,
vagando como el mar, en una ciudad desconocida.

Una pordiosera duerme con su hijo en las aceras de la calle.
Tal vez, en algún lado, sin saberlo,
alguien esté buscando la historia escrita, imposible de su vida,
inescrutable, como su magra soledad o el humo
envilecido de la pena.
Pues como sabemos, como nos lo dicen las sombras en el parque,
nada es real o verdadero en las aguas del otoño,
en ese cielo de múltiples rostros que es el tiempo,
que todos tratamos de ignorarlo
sin saber que tenemos que enfrentarlo en alguna esquina o
vieja pesadilla, tan antigua
como el rostro inexorable de las nubes,
ya que todo lo que existe en el laberinto cruel de la memoria, donde
todo se llena, finalmente, de cascajos y estropicios,
se asemeja a la penumbra del camino, a los rencores de esas sombras que
se cruzan en las aceras de las calles
cuando las desidias y fracasos buscan, en
las aguas negras del olvido,
las historias escritas o imposibles de la vida.4
Los jóvenes se pasean por las playas, agarrados de las manos. Se
hablan con palabras que no las entienden ni las aves.
Creen que todos somos felices, como ellos, cuando se asoman,
perezosamente, en la mañana
señalando esas pisadas que no nos dicen nada de los años, ni
cómo crecen las cenizas en las copas de los árboles
o las dudas cuando empiezan a nacer
en las grietas envejecidas de los muros y se
posan en aquel cielo donde una cuculí, enrojecida
por la higuera del invierno, y antes que se asome

el alba en el canto de los gallos,
se ahoga en las huellas borrosas e insobornables de los vientos. De
esta forma, todos morimos infinidad de veces en el día,
sin saber que jamás descubriremos las miradas de los niños ni
    las alegrías misteriosas de la higuera.
Entretanto, la ciudad, esa gran desconocida, que no habla con
palabras que nos las entienden ni las nubes,
    se vuelve cómplice del viento
y nos hace sentir el verdadero sufrimiento de los días
    pues nadie puede sondear su propio corazón
sin caer en la ilusión angustiosa del olvido.
La neblina se instala en el alma de los ciegos.
La luz de los faroles, como si estuvieran escritas
    nuestras vidas en el agua,
se apagan en las esquinas de la calle,
donde los canarios cantan en las ventanas de las casas, sin
ver la decadencia inexorable de los cuerpos.
Nadie, tal vez por ello, aparece en el azar de los desganos
    mirando como un loco la soledad de los geranios
repitiendo, Siempre se extravían nuestras almas en el aire,
Jamás veremos nuestros rostros empapados en la lluvia.
Y como nadie desea reconocer su propia indiferencia en la mañana, su
    hastío en las huellas implacables del camino,
la ilusión desaparece de los ojos
    como si se hubieran escrito palabras en el fuego, tal
como el hablar ininteligible de los ebrios
    cuando osan mirar, llenos de ternura, sus
almas desgraciándose en el viento.

# Accesit
# Poesia



**GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ**

Gumersindo Villamayor Martínez (A Estrada 1962). Licenciado en Xeografía e Historia pola USC na especialidade de Historia da Arte. Realicei estudos sobre a comarca de Tabeirós e Terra de Montes e ás Terras de Tribes. Dirixín e fun colaborador do xornal local *A Contrarretranca* a comezos da década dos anos 90.

Unha vez graduado intereseime pola Lingua e a Literatura Galegas publicando o monográfico *"O silencio interior"* sobre a figura de Ricardo Carbalho Calero, incluído na Historia da Literatura Galega editada pola AS-PG. Fun relator no congreso sobre Manuel García Barros, mestre e escritor estradense. Colaborei nos xornais locais *Capicúa* e *O que hai.*

O meu gusto pola literatura impulsoume a escribir dende adolescente.

Este é o meu primeiro premio e os tres poemas forman parte do poemario inédito *"As mulleres e as augas"*. Tamén inédito é o poema *"Poesía completa de Heladio Bauer"*.

# As mulleres e as augas

*Gumersindo Villamayor Martínez*

Confeseiche que silenciara os cumes mais xeados para ver onde te atopabas?
Alí onde o ceo racha, frugal, para que o sol te alimente?
Confeseiche que,
Vacilante,
Confundín os teus ollos con vestixios, con ouro roubado.
E as túas mans coas flores depositadas?
Confeseiche que fasme tremer cada vez que te libras de sombras e considérote?
Confeseiche soñarte servindo manxares en mesas nobres;
Verte entregar nomes deteriorados, palabras opulentas.
E torsos vertidos en comedores mal amoblados;
En festividades simuladas, en pianos esnaquizados.
Claro que lle cantei,
Torpe,
Aos teus cabelos vagabundos, finísimos.
Á tensa espera dos sabores amargos
De mulleres sen rostro nin importancia.
Confésoche que necesitei a túa compaña
E que eu, vin buracos descoloridos
Como a ousadía de escribir na auga envelenada,
De voar coma os paxariños que non dei matado
Ou fatídico soño de aves mortas.

Fortemente danada por marcas desacostumadas
Perseguinte con suavidade sobre sinfoniers de veludos enloitados.
Amasei cerebros débiles e sodomizados,
E perseguinte lene.
Rostro escuro, sobre busto rexo.
Mans embrutecidas por exactos afectos.
Peitos abandonados.
Corpo seccionado por lunares púbicos

Que perseguín lene.
Biqueite coma ninguén porque ninguén te bicara.
Aínda ningún resplandor aparecera para alumearte.
Esparexín a túa boca na miña ata aplacar os insectos,
As voraces voces que a asolagaban
Topei límite aos teus ombreiros de distancias non percorridas.
Fitei dende alí:
A ti e a erótica infecta de Gauguin.
Puiden ollar por derradeira vez os cadáveres amados de pé
E non sempre xacentes
Coas malditas túnicas ataviadas por Mantegna.
Deitados sobre escasísimos lirios.
Retornaches cada día máis decidida ao amor.
Cada día máis fermosa.
Buscabas delicadezas en brazos deprimidos,
Ata, esgotados, deixar que o tempo, cal leves barcazas
Nos agasalle soterrándonos xuntos.

Non descoñecía as noxentas mans encarnadas de Rimbaud,
Nin os libros dos mares, nin presenza de lavercas temerosas,

Cando descubrín o amor molesto e inseparábel de Sofía.
Espiando nas caixas esquecidas e rotas
Foi onde atopei anacos e reliquias
Audaces forzas derrubadas,
Barcas á deriva desorientadas e penosas.
Pendurounos o tempo en teas de araña por humidecer
E desexos de infantes valorosos
Teceramos ao redor nosa formas porentas,
Castelos infranqueábeis por conquistar.
Sometémonos as ausencias de novembro, tan cautivadoras e inocuas.
Collemos por costume adorar fósiles raros,
Cabelos dourados,
Vendavais de motores e lóstregos de plumas de pomba.
Orfanatos gardados, primorosos, en cadaleitos engaiolados.
Acostumámonos aos arumes das nosas mans e á ausencia de molestos olores
Compartimos ollos e comidas rancias; carruaxes, paisaxes ou cartas desertas.
Démonos lembranzas coloridas,
E inventamos doenzas de amor e prisións para patriotas kurdos
Eramos perfectos e desexados.

***Gumersindo Villamayor Martínez***

# Mención de Honra Poesía



**MARÍA TERESA IGLESIAS YUGAT**

Data e lugar de nacemento: 1º de Xuño de 1954 en Castro- A Estrada- Pontevedra

Estudos:
Licenciada en Filoloxía Francesa (1978)
Licenciada en Filoloxía Galego- Portuguesa (1992)

Profesión:
Profesora de Ensino de Secundaria no IES Manuel García Barros de A Estrada

Premios literarios recentes:
- 1º premio relato curto ADEGA 2014 - Deputación de Lugo
- Finalista relato curto FANPA 2014 - Deputación de Pontevedra
- 2º premio de poesía María Mariño 2015- Concello de Teo
- Finalista microrrelatos Camilo José Cela 2015

# Neitegadas do albatros

**María Teresa Iglesias Yugat** *(lema: Illas Atlánticas)*

"... eres mi muerte
y mi resurreción..."
Luz Casal

Revisiono o vídeo das vivencias douradas
pola pátina do tempo
Fragmentos puzzle conforman un patchwork
feito de sol aloumiñante
Caricias novas na pel de leite
Confesións íntimas fluíndo naturais
polo cano do manancial
Auga incontaminada
cara a pía de pedra transparente
auroral
primixenia
limos verdes

Teus ollos brillos deslumbrantes
penetran impunes raios láser
Enchen de radiacións certeiras
meu ser á túa espera
(Xa fica por sempre alta dose de radiactividade incrustada
na médula cerna dura do meu EU)

Profundizas TAC e sen buscar atopas
canto queres na mina veta rica
encontras
Impacto emocional irreversible
Serrabal en sucalcos para sempre

Surcamos autoestradas polos mares en ronseis
Deixamos rilleiras brancas no espazo aéreo deste ceo
Probamos as amoras das silveiras
tapizantes balaústres enreixados
de frouma resinosa

Descubriches para min , explorador,
mundos novos de sabores
Beixos especiados de canela
Estremeceres de pracer no espiñazo
serpeante
Gata seda no zarrizo do meu lombo
Cobra lánguidamente flexible
engaiolada
a responder ós teus dedos pentes furabolos

Ti alindaches as veigas do meu tempo
Espetaches chuzos delimitando
un mundo previo ó horizonte
que me marcas
indeleble(s)
Mordeduras mainas
nos ombros tan dondiños
Figosmel pegañentan os teus labios enchoupados
de paixón ( entre paréntese)
na miña caluga rebulindo a epiderme
encoxegada
Nunca saciada a sede inmensurable
da hidratación constante necesaria
a utilizar sen moderación
Impónse por prescripción facultativa
Bátega torrencial sobre o meu corpo
até enchouparmne poro a poro
do teu zume
pinga a pinga
Outra vía subcutánea
ha regar en aspersor
o núcleo máis interno
do tecido epitelial
da soidade

Seméntame de nabiña esparexida na tona
telúrica
do meu ser

E agromarei serodia trala chuvia ávrega
deste outono aluarado

Trasvoemos ceos azuis ultramarinos
enreixados de nubes nimbos estratosféricos
abovedando cantís inzados de seixebras e couselos
Albatros planeando sobre illas azores abisais

Surfeemos neboeiros ondas de escuma
coas táboas aladas da paixón
recubertas co chumazo
dos soños (im)posibles
Revestidos de neoprenos enfeitizados
parches termicamente euforizantes
para achegarnos a metas terras promisorias
onde facer reais
empíricas quimeras

Academos o nirvana prometido que soñamos
No teu colo
No meu seo
Na noite chumbo chuviscada de segredos
e de alarmas
delirantes

Pousémonos nesas praias de augas mornas
envolventes ondas transparentes
Póñamonos á sombra dos palmeiros chaguaramos
tan lanzais
Dos apamates e dos samáns
Alimentémonos de amor e de tenrura
aferventados de goiabas e de mangos

E esqueceremos saudades feluxentas
soterradas nos sulcos polícromos
da restreba
Montes de pedra
Mar adentro

***María Teresa Iglesias Yugat***

# Premio Narrativa



**VICTORIA PELAYO RAPADO**

Victoria Pelayo Rapado. Zamora, 1960.
Vive en Cáceres desde el año 1991.

Con la novela "Una amistad corriente", gana el premio de Novela corta Ciudad de la Laguna, 1986. (Excmo. Ayuntamiento de La Laguna)
Después de quedar entre los finalistas en el premio Casino de Mieres en 1988, con la novela "Los días mágicos", hay un paréntesis de veinte años sin escribir, tras el que retoma la escritura con colaboraciones varias: Generación Subway III; *Letras para crecer*; La bolsa de pipas; ESF En Sentido Figurado; Norbanova, Revista de literatura; Una de croquetas; Antología Niños de la guerra; Antología "Un rato para un relato"; Ariadna, R.C.; Artistas con Haití.
Publicación del libro de cuentos "El roce", Ed Rumorvisual, 2012.
En 2013, I finalista del I Premio de novela Castelldefels, publicación digital de Marlex Editorial.

# Preparativos

*Victoria Pelayo Rapado*

Sin saberlo y sin acordarlo, los dos hombres se levantaron a la misma hora. Sin saberlo y a distancia, padre e hijo abandonaron el lecho a la vez, como en un acorde movimiento programado. La casualidad o, quién sabe, la compenetración que en otro tiempo tuvieron, hizo que ambos se despertaran aquella mañana, la del reencuentro, sin necesidad de despertadores, a la misma y exacta hora. Cada uno en su casa siguió idéntico ritual que el otro, desayuno, afeitado y ducha. Después, elección de la ropa con esmero, la cita lo requería, y, sin saberlo, ambos decidieron añadir un detalle a su indumentaria.

Un detalle o algo especial que llamara la atención del otro, algo que fuera de su agrado. Sin embargo, después de un cuarto de siglo de distancia, saber o intuir los gustos del otro no era sencillo. Para uno, porque cuando todo pasó, el otro era casi un niño y cómo conocer el gusto, el estilo o las inclinaciones que habría adquirido en casi veinticinco años. Para el otro, porque aquel era un adulto y ahora, casi anciano, resultaba igualmente complicado saber cómo habría sido su evolución de hombre adulto, cuando él dejó de verlo, hasta el umbral de la ancianidad actual.

Los dos, en la soledad de sus casas e ignorantes del otro, husmearon en sus armarios, en busca quizá de un jersey, una corbata, una chaqueta o un vaquero, o a saber qué, para encontrar ese algo especial que pudiera agradar al otro, que le recordara algún momento de aquel pasado común tan efímero y lejano o para que, sencillamente, supiera que al vestirse para el encuentro había pensado en él.

Un detalle, pero ¿qué? También, y sin saberlo, sopesaron la idea del regalo, pero un regalo en aquella primera cita, primera porque después de veinticinco años era como la primera vez, significaría premeditación. Premeditación, sí. Un regalo suponía pensar, decidir, elegir, seleccionar, destacar de entre muchos un solo objeto. Y ninguno de los dos deseaba tanta preparación. No en aquella cita que debía ser perfecta, sin nada que la enturbiase, ni siquiera un regalo que pudiera hacer sentir al otro que también debía llevar uno, porque ninguno pensó en la posibilidad de que el otro comprara un obsequio. Imaginaron cómo se sentiría aquel si se presentaba con las manos vacías y recibía un presente. Por esa razón, descartado el regalo, solo quedaba la posibilidad de ofrendar con la ropa, como cuando la novia se viste de blanco en su boda o la viuda de negro para llorar al muerto o de un color determinado los hinchas de un equipo de fútbol o los candidatos de un partido político. Complacer sin humillar. La vestimenta parecía la única opción de homenajear al otro y hacerle saber así la importancia del encuentro. El joven pensó en llevar a la cita aquella chaqueta que le regaló el otro cuando cumplió la mayoría de edad y que, aunque pasada de moda, ni se llevaban las hombreras tan anchas ni los cuadros, aún le servía. La había conservado todos esos años, alguien quiso tirarla o darla, pero él se negó con

rotundidad, los recuerdos de su padre eran tan pocos, y preciosos por ello, que deshacerse de la chaqueta habría sido como eliminar su último rastro. El anciano pensó en ponerse la corbata con el pañuelo a juego que su hijo, niño aún, le había regalado unas navidades. Sí que sería un detalle por mi parte, pensó, llevar su corbata tan desfasada ahora como hace veintitantos años. La corbata fue el primer regalo que el niño había comprado solo, con sus ahorros y sin los consejos maternos. Por eso tenía tanto valor para él, a pesar de que aún recordaba con viveza el momento en que abrió el paquete y la prenda, bicolor como un semáforo, brilló ante sus ojos y cómo disimuló la inicial risotada espontánea hasta convertirla en un ¡Oh! de sorpresa y entusiasmo.

Con una sincronización casi perfecta los dos hombres desecharon a un tiempo la idea de dedicar más minutos a buscar un atavío con el que agasajar al otro. Basta, dijo cada uno en su casa, separados por tantas calles y edificios que habrían impedido que el eco de sus voces resonara. Y si ambos hubieran estado reunidos en el mismo espacio, las dos voces se habrían confundido, tal era su acoplamiento aquella mañana. Sin saberlo, sus pensamientos tenían la misma sincronización que la coreografía de un ballet muchas horas ensayada.

En ese instante y cuando aún faltaban dos horas para la cita, a los dos los asaltó la misma idea. Durante veinticinco años ambos habían sido conscientes del paso del tiempo y ahora, cuando se acercaba el momento de verse, pensaron en cómo ese tiempo se habría posado en el otro. Habían tenido oportunidad de contemplar imágenes mutuas, pero hoy, al fin, y cara a cara, verían los estragos de la edad. Con detalle podrían escudriñarse, mirarse en un espejo. Uno se encontraría con un hombre mayor que él mismo cuando dejaron de verse, y el otro descubriría que su padre, anciano ya, nunca volvería a ser el padre protector que habitaba en sus recuerdos.

Se verían en la casa del padre, *tus piernas son más ágiles que las mías*, le había dicho a su hijo cuando vio que titubeaba en el momento de concretar el lugar. Eso lo convenció. Eso y la curiosidad. Nunca en todos los años transcurridos había dejado de preguntarse cómo sería la casa de su padre. Rechazó las ocasiones para visitarlo, dejó pasar los meses y los años preguntándose cómo sería la nueva morada en lugar de aceptar alguna de las invitaciones que recibió, excusándose siempre, no ante él, con quien no había vuelto a hablar, sino ante sí mismo para justificar su ausencia y no reconocer que quizá, solo quizá, estaba equivocado. Él, en cambio, nunca lo invitó a que conociera alguna de las residencias en las que había vivido. Sabía que, en ese caso, su padre habría aceptado. Pero no lo hizo; primero porque se sentía ofendido y después, aunque las heridas curaron, porque era demasiado orgulloso para reconocerlo permitiendo, una vez más, que el orgullo lo dominara y dejara fuera de su vida a la persona que más lo había marcado.

Cuando su hijo preguntó por el lugar en el que se encontrarían, no dudó en ofrecer su casa y, ante su desconfianza, se valió de la ventaja que le otorgaba el hecho

de ser anciano para vencer su reticencia. Era su mayor anhelo, que su hijo, después de un cuarto de siglo de lejanía, pisara su casa, la que tantas veces le ofreció y tantas rechazó. Hoy su hijo pisaría su casa y el simple pensamiento hacía que se le humedecieran los ojos. En poco más de una hora lo tendría allí, frente a él. Ignoraba cómo sería su saludo. Un abrazo parecía lo adecuado entre padre e hijo, pero no entre dos extraños, que al fin y al cabo es lo que eran, dos extraños que se entrevistaban por primera vez.

Y el acercamiento tendría lugar justo cuando las esperanzas se habían esfumado. Así solían suceder las cosas en la vida. Años de espera sin que pasara nada, fantaseando con hechos que solo existían en su cabeza y con otros que, aunque reales, en absoluto evidenciaban que los deseos del padre coincidieran con los del hijo. Cada vez que oyó una noticia acerca de él, de sus éxitos, de su matrimonio, de sus conferencias, esperó una llamada, una carta, un mensaje, un indicio, cualquier cosa, y, a cambio, recibió silencio. Solo cuando dejó de concebir ilusiones llegó como el maná al desierto. Quién podía imaginarlo, dos días atrás, en la calle, cuando la casualidad quiso que entrara a comprar fruta en una de esas tiendas que, sin ser supermercados, venden de todo, desde fruta hasta tabaco, prensa, chucherías, pan y productos de limpieza, a la que nunca antes había entrado y en la que se topó, al salir, con su propio hijo.

Tódolos moradores do lugar escapaban, cheos de pavor polo medo, sen saber onde esconderse para evitar ser o branco seguro da ferocidade insaciable dese monstro pavoroso. As posibles vítimas deste fidalgo sen fidalguía, eran todos aqueles que amosaran ser aires liberadores da cultura galega. Persoas que, de diferentes xeitos, nos eidos amplos do saber eran adaís modestos da sapiencia desta comunidade tan antiga e tan rica en tradicións, folclore, . Quería ese perverso ser acabar co galego, pero descoñecía ou non quería recoñecer que ese "laboratorio "nunca será destruído, pois coma dicía Anxel Fole, segundo comenta Manuel Rodríguez López nas súas Viaxes con Fole, "o galego é un laboratorio tremendo de formas e ten unha elasticidade prodixiosa....."

A Torre Nova, tiña nas súas máis lóbregas e descoñecidos calabozos a riqueza portentosa da sabedoría desta comunidade nosa. Foi depositaria dun arquivo histórico e cultural portentoso, todo o escrito en galego, pechado, nese singular penal. Eses pergamiños, eses volumes se encontraban tan encerrados como fixo coa súa filla, aquela dama de cabelos de ouro da lenda, que morreu por amor

O déspota amo baixaba, día si, día non, para ver se os libros podrecían pero, para desgusto seu, máis brillaban os lombos e portadas daquelas obras inmortais.

Ninguén era coñecedor de que nas mesmas beiras do Sil había, o que podería considerarse, case unha réplica da Biblioteca de Alexandría, uns incunables grandiosos de eruditos de Gallaecia e Lusitania que estaban condenados sen culpa a morrer no po do ouvido mentres os seus usuarios, indefensos e inermes, eran invadidos pola cultura foránea.

Transcorría a vida con normalidade, se normal pode chamarse a que nos fogares galegos non houbera manuais nesa lingua. Polas noites, cal foran loxas masónicas secretas, nas diferentes casas, as familias reuníase non para ler, se non para escoitar os distintos saberes por transmisión oral. Os fiandóns, esas xuntanzas, foron, naquelas noites, salvando iso que nunca morrerá mentres exista unha fala viva.

Estaban aterrorizados por ese monstro que levaba cruz no peito e un corazón de pedra. Se alguén protestaba, ao instante chegaba a súa pretoriana garda e eliminábao.

Un día, un valente, aproveitando a nocturnidade, logrou traspasar a fronteira natural de A Labrada. Marchou ata onde estaban os guímaros e, demandando axuda, conseguiu cos Irmandiños, levantados entón en armas, chegaran ata esta Torre Nova, gaiola da cultura, sartego de manuais e documentos, e... ao berro de :

"Morran os tiranos! Viva Galicia! Liberdade para a cultura nosa!"

Atacaron con fereza, moitos caeron. Aquel señor vindo que era chegado o seu fin converteuse no que era, un basilisco e, botando un triste e lánguido ¡quiquiriquí!, lanzouse ao vacío dende unha das ameas, emprendeu voo coma un vampiro.

Desapareceu para sempre do seu señorío tralos altos cumes de Manzaneda e Pena Trevinca. Dende as alturas en máis dunha ocasión volveu a súa ollada turbiada polas bágoas de rabia, impotencia e odio e xuraba:

"Malditos, volverei "!

Hai voces que din que, hoxe en día, nas noites de inverno, cando o ruinoso castelo está todo envolto no manto da néboa pode albiscarse no alto da Torre esborrallada, esa que parece desafiar aos mesmos tempos, unha figura que semella ser un cabaleiro templario que berra:

"Por culpa do libro galego eu perdín este señorío de soños e fantasía!"

Aínda cos Irmandiños buscaron esas coleccións da cultura non puideron atopala pois, soamente capturando a aquel tirano, acadarían as chaves de ouro que abrían aquel subterráneo sartego cos sublevados non podían forzar nin romper.

Unha cadea pesada e moi grosa suxeitaba a un enorme cadeado que estaba atenazado a un anel de ferro descomunal que penduraba dun penedo de miles de toneladas de peso. Maldicían a ese energúmeno que, pensaban, marchou cara Castela pero, levando consigo as que abrían e permitían mover aquela megalítica rocha. Nunca souberon os asaltantes que ese amo inicuo, cando emprendeu voo, na súa precipitada fuxida, non puido evitar que, aquelas chaves que sempre levaba nunha bolsiña pendurando do seu cinto groso e ancho, tanto que parecía unha soga, se soltaran e foran as augas do Sil. Levándoas aí, nese cinto, téndoas noite e día sempre consigo, estaba afogando algo tan grande como a vida, a liberdade de existir do libro galego.Vendo que caían, aquel monstro intentou collelas coas súas terribles poutas de réptil, pero.... As chaves se precipitaron nas doces augas dese mítico río. As ondinas da auga, atentas a todo o que estaba pasando, lograron collelas antes de que na corrente desapareceran e leváronas a súa raíña, esa fada da Ribeira Sacra, a Sibila que ten o seu trono nun pozo moi fondo deste río azulado e verdoso, pero que naquelas datas, ía cuberto dun manto

avermellado polo sangue vertida. Mentres aquel inimigo de Galicia desaparecía pero en máis

Pasou o tempo e, a Torre Nova foi habitada por outros señores moi diferentes a aquel monstro inmorredoiro pero, eses donos non sabían que, baixo as lousas, nos seus mesmos pés, había unha, aquela do gran cadeado, que, abríndoa comunicaba cos lóbregos fondos daquelas cámaras onde estaba escondida unha grande riqueza cultural.

Séculos despois atopamos un señor castelá vivindo na palaciana e fermosa París, e, non sabemos como, chegou a entrar ao servizo do mesmo Napoleón. Ese emperador fixo bastante amizade con aquel home de estirpe nobre e, un día no que Bonaparte estaba lendo un libro sentado nun dos seus fermosos xardíns, díxolle, aquel ser tan enigmático, con verbas moi agarimosas, as propias de que quere cativar:

"Con toda a miña admiración e respecto pola cultura francesa, vostede que é o amo de Europa debe saber que, nas terras do que foi o meu señorío, alí na miña Torre onde está pechada a máis grande tradición cultural galega, é a Torre Nova, pola que eu, noite e día, suspiro. Está no Val de Quiroga, ela é a chave para entrar en A Ribeira Sacra".

Entón o corso dixo:

"Toda esa riqueza quero tela aquí!. Se traes todos eses libros ti volverás a ser o dono e señor desa fortaleza. Marcha xunto a un dos meus xenerais dos que teño loitando en España. Ti guiarás ao noso exército. Ide alí e, entón terei a Galicia en Versalles e ti, prométoche, volverás a ser dono desa terra que dis é un paraíso."

Presto e veloz marchou. Napoleón cría que era ese individuo un auténtico cabaleiro, pero era o basilisco malvado que, fai séculos, grazas a que contaba coas ás de morcego, superou os montes galegos camiño do seu refuxio noutro descoñecido castelo nas afastadas terras leonesas, o tirano de Torre Novaes, que nin na morte atoparía descanso pensando en que deixou a súa malvada fazaña inconclusa, eliminar da face do mundo o saber galego. No sabían as tropas francesas que aquel que ía diante, o seu guía, era un basilisco inmortal que viviu séculos esperando volver para ser o amo da Torre.

Cando ese grande exército chegou as inmediacións do Val de Quiroga, os campesiños corrían cheos de pavor nada máis escoitar os bufidos polo camiño real deses recios e lustrosos cabalos pisando cos seus cascos ferrados sobre os croios que atopaban ao seu paso. Parecía un estraño río desbordado que, por onde pasaba asolagaba todo. Decidiron acampar en esa especie de península que conforma o río Lor na súa desembocadura no Sil, a coñecida co nome de

Augasmestas pois, xa estaban caendo as sombras dunha tardiña dun día soporífero de prolongada cabalgada. Estando xa eses dragóns instalados nese punto que pode resultar, un lugar enfeitizante e telúrico. Lentamente o maquiavélico personaxe, aproveitando a escuridade dunha longa noite acercase ata a tenda do xeneral que estaba nesa altura chamada As Covas para ver mellor os movementos da súa xente de armas. A Lúa, con la complicidade dunhas nubes, tapou a súa cara, non quixo dar testemuña do asasinato que aquel malvado ía cometer. Contando coa confianza e respecto dos soldados de garda naquela hora o tenebroso personaxe penetrou na tenda do francés e, como xa durmía canso de cabalgar, non tivo dificultade para vil e traidoramente matalo.

Logo, apuñalou coa súa daga ao soldado que facía garda, pois este ao sentir o grito da vítima entrou na súa axuda e puxo xunto a el a espada asasina. El diabólico suxeito saíu berrando:

"Maldito, maldito... A min, valédeme, soldados!"

Acudiu a tropa e mentres el non cesaba de proferir grandes berros dicindo:

"Tiven que acabar con este malvado, matou ao noso xeneral e quixo facer o mesmo coa miña persoa!". "Agora teño que ser eu o voso xefe pois, Napoleón díxome que se en combate este exemplar francés morría, fora eu o voso máis seguro guía. Nunca este heroe, mentres descansaba, mereceu ter final tan pouco glorioso, ser a vítima dun resentido membro da súa garda".

Por aclamación unánime recoñecéronmo como tal. A mañá cedo, levantando o campo, marcharon cara o castelo. Coma o malvado non tiña aquelas chaves que caeron ao Sil non podía abrir aquela trampa maldita pero, dada a súa sagacidade e astucia, pensou noutro xeito, na única forma que actúan os ladróns e cacos, utilizando a violencia para escachar e facer saltar en anacos aquela pedra que pesaba incalculables toneladas.

Unha vez chegaron ante á fortaleza, na altura de As Medas mandou volver a establecer os seus reais. A tropa non se decatou de que nos ollos daquel singular xefe apareceron unhas bágoas que eran chamas de ilusión porque estaba a piques de conseguir a súa dobre fazaña, aniquilar a cultura galega e volver a ser o dono desta Torre Nova. Presto, ordenou que trouxeron toda a pólvora que levaban para a Torre. Algúns dos capitáns dos soldados protestaron dicindo que, se eran atacados, polos ingleses ou polo famoso Cura de Casaio, xefe de partidas da zona, non poderían disparar un só tiro. Pouco lle importaba a el que morrerán todos, iso era o que quería e que tamén desapareceran para sempre aqueles libros que nunca deberían chegar nin a Versalles, nin a ningunha parte. Pensando nas súas mesquindades fregábase as mans porque cría que sairía co seu triunfante plan

adiante. Cando os gavachos meteron todo o cargamento de explosivos no castelo mandoulles que acamparan na ladeira de enfronte, nese sitio onde na actualidade hai un pobo que leva o topónimo do castelo, un pouco retirados para non correr risco ningún deles. El mesmo prendería fogo na mecha que faría estoupar a lousa e logo, lanzando o seu consabido grito de guerra, un vitorioso quiquiriquí acudirían para sacar todos os libros que levarían ata Francia. Na súa malévola gorxa contivo unha estrepitosa gargallada ao pensar que Napoleón ían quedar, como os campesiños, sen esta sabedoría que sería toda abrasada nos cimentos do seu castelo, nesa Torre que el pensaba reconstruír e facer outra nova fortaleza que fora envexa do mundo enteiro. Marchou a tropa ata o lugar previsto. Non quixo ser acompañado por soldado algún, dicía que para prender aquela mecha non facía falta arriscar máis vidas, coa súa tiñan abondo. Non é de estrañar que el fora quen prendera lume, pois, cando quedou so, cando estaba seguro de que toda a soldadesca estaba lonxe da súa vista, deixou de ser racional e aquel basilisco mudouse en un pirolisco por iso nada máis tocar coas súas garras unha daqueles pedras o lume sería o verdadeiro dono do montículo.

Pouco despois, cando aquel terrible monstro rozou un perpiaño escoitouse no Val unha explosión grandísima, estoupido terrorífico e, toda a zona quedou envolta nunha grande nube de po e fume. Parecía o fin do mundo. Aquel feroz ser quixo queimar, incinerar a cultura galega; tanto odio tiña pola nosa riqueza literaria que non lle importou, con tal de saber que fenecía esa, expoñerse a morrer, acabar morto alí no seu dominio se tamén eliminaba os bens culturais de Galicia. Asín foi, pois aquelas lapas, esas labaradas prenderon no seu corpo e converteuse nunha incandescente bola de fogo. Esta vez, non cantaba como galo e si asubiaba, cal réptil mortífero, arrastrándose ferozmente e intentando buscar chegar ao río para apagar nel o seu fogo pero, como el era o peor dos fogos, non puido chegar ata o leito e quedou esmagado para sempre ao derrubarse, sobre o seu ser, unha parte daquela cerca murada.

Grande cantidade de perpiaños caeron afundíndose para sempre nas augas do Sil, pero a cultura nunca pode ser dinamitada e, aínda que todo aquel penedo rochoso estaba envolto en chamas, pois aquel outeiro parecía un volcán en erupción, o saber popular estaba a salvo.Os veciños do lugar quedaron aterrorizados coa explosión. Voaron pedras e cascallos como se foran catapultados bolaños ígneos.

As tropas napoleónicas marcharon en desbandada sendo acosados e derrotados por toda partida que lles presentou batalla pois, non tiña un xefe cos guiara, ni sequera xa unha soa bala. Escaparon pensando que alí quedaba morto un heroe. Nunca souberon que aquel cabaleiro, que non era tal, quedou soterrado

onde debe estar todo aquel que é un vil réptil, no seu mesmo tobo, esa Torre que, dende entón, quedou maldita e por iso, os seus muros están oxidados, petrificados na dor do mesmo tempo, envolto no feitizo dun malvado que deixou a súa vida abrasada no fogo da súa chama de maldade.. aínda co castelo quedara feito cinza os libros non arderían naquel estoupido dantesco nin en ningún outro, porque xa, antes de que chegara ese vingativo tirano ao fronte dos franceses a este Val, estaban todos nas casas dos campesiños do lugar.

Como ben sabedes, cando aquelas chaves caeron ao río pasaron as mans da Sibila. Esta bondadosa meiga, axudada pola súa corte de ondinas, nereidas e mesmo xacios, volvendo a utilizar la galería secreta que tamén salvou o amor daqueles namorados, chegaron ata o castelo nunha noite de Lúa chea e, con grande facilidade, cun rechiar case de oxidada porta de cemiterio, desprazouse aquel bloque pétreo, unha rocha de lousa portentosa que non movería nin millares de homes. Cando entraron quedaron abraiados da grandeza deses manuais. Todos estaban en perfecto uso. Tiveron que dar moitos e moitos viaxes, tantos que resultarían incontables, houberon de ir varias noites ata levar todo ese tesouro. Algunhas nereidas dicían de que foran gardados no río, no seu fondo pero a Sibila dixo:

"O río non é tumba, e non garda nada que non é seu. Os libros son por e para o pobo e nunca papel mollado e moito menos para estar en arcas engaioladas"

Aproveitando que xa chegaba o inverno, cas noites eran moi, moi longas, nesa espesa nocturnidade, cando as néboas e brétemas se enseñoran do Val, saían en nutridos grupos da corrente de auga e ían deixando nas portas das casas de pobos e aldeas algún deses libros e, na dos concellos deixaron tantos, cos responsables das administracións locais dixeron que había de construírse edificios, casas para que vivirán felices ese manuais e que, a xente co desexara puidera vir lelos, deste xeito apareceron as primeiras bibliotecas.

Dende entón en ningunha casa deste Val nin nas terras de Valdeorras, O Caurel e Trives faltou o libro galego, noutra negra data, requisado polo tirano malvado. Cando os nenos abrían aqueles exemplares tan vellos non sabían que, por culpa daquel inimigo da cultura do noso pobo, estiveron a piques de quedar para sempre orfos das fontes do seu saber.

A Torre está queimada, arruinada pero a cultura, aínda que non falten no mundo novos napoleóns, sempre estará, no mastro desa Torre grande, firme e segura, porque a súa base, o pé, é o río caudaloso da nosa lingua.

Pero, coma a maldade nunca remata de morrer, temos que estar alerta,

non durmirnos no soño da desmedida confianza dos nosos triunfos e conquistas. Hai que ser firmes salvagardas do único tesouro que ten o noso benquerido pobo, a súa cultura.

Aínda que ese terrorífico energúmeno quedou soterrado nas pedras do Castelo, pode rexurdir ou, reencarnándose noutro, resultar tan fero coma el impoñendo o seu cruel despotismo neste lar.

O libro galego sempre terá pendurando sobre el, cal espada de Damocles, ese perigo, a posible volta do monstro que ten máis vidas que mortes.

Nós, os galegos, estamos na obriga de mantelo ceibe pois, como ocorre coa cruz para o demo, se temos nas nosas mans un manual galego aberto conquistamos, o triunfo, acadamos a vitoria e, ese malvado seguirá morto e ben morto baixo os perpiaños desta fortaleza pero, se ti, querido neno/a, e as novas xeracións, esquecedes este aviso, se esquecedes isto, a lenda volverá a ser realidade viva. E, en vez de vivir alumeados pola brillante luz da nosa cultura, nós e a nosa Galicia retrocederiamos a un escuro pasado que nunca debe volver, tempos nos que a lingua galega estaba engaiolada no propio castelo do que ela, a nosa fala, é a súa única dona e señora.

A Meiga Dona Cultura botoulle a este castelo o seguinte meigallo :

"Castelo, tendo por nome Torre Nova, sempre estarás en ruínas e esborrallado, ferido por unha dor que non ten antídoto; porque, ti, vivirás na eterna soidade por haber sido da nosa cultura gaiola.

Por moito cos gobernos municipais e autonómicos invertan no teu arranxo, nunca serás redimido do teu pecado: haber servido a un feroz e desapiadado señor que fixo de ti o peor penal.

O lobo do tempo, permanentemente acubillado tras eses penedos, paseniño, roe e descarna os teus pétreos ósos e, de cando en vez, lanza no vento arrepiantes ouvidos feroces que enchen de medo as longas noites de inverno."

Rematou o avó de contar o conto e, decatouse de que xa estaban soamente o neniño e máis el na lareira.

Os país marcharon a deitarse, sen facer balbordo. O felino doméstico, ese gatiño, parecía, metido dentro da lareira, unha parte desa branca cinza e, os seus olliños unhas ascuas aínda non apagadas; o can de seguro que, no seu sono, soñaba con que estaba polos montes de Vilaesther ou Ferreira perseguindo coellos e perdices.

Quedou o cativo tamén durmido, arrolado por esas palabras e a calor que senten os que viven nunha familia unida.

O vello suspirou porque pensou co pequeno soñaba e, no seu sono albiscaba ao Castelo de Torre Novaes convertido nun cemiterio de lendas e unha gaiola de fermosas ilusións.

Bicou sentidamente ao cativo e, botando un suspiro, coma se necesitara aire novo, dixo:

"Fillo, nunca deixes que ningún lobo inicuo roube e devore ese tesouro, que non é propiedade duns poucos privilexiados e se de todo un pobo, a cultura deste país noso".

Un día de primavera, pasados xa uns anos, calou a voz do avó para sempre. Brais xa era un mozo feito e dereito e escribiu un libro, o titulado "Torre Vella e Torre Nova"(unha, a tradición oral, outra, esa mesma escrita, sendo ámbalas dúas, torres dun castelo de arelas e ilusións feitas realidade no amañecer da vida).

Todo aquel que leu ese bonito manual, de fantásticas follas cheas de perennes e alucinantes relatos, chegou á conclusión de que o ouro, a riqueza material, "eses brillos" terminan desaparecendo pero antes, paralizan aos corazóns cegados pola desmesurada ambición. A grandeza da cultura autóctona non morrerá nunca nunha "Terra Brava"que, ela mesma, sempre terá unha segura defensa, ese castelo natural, conformado por torres de montañas coma A Moá, Piapaxaro, Formigueiros..., por onde descorre o río da vida mansamente e, ao mesmo tempo, tenro e algareiro porque non ten medo a quedar mudo, xa que ten caudal abondo.

Nestas ribeiras e ladeiras sempre estará viva unha luz moi singular, A luz do Candil de Anxel Fole.

Foron moitos os que, preocupados por gozar dunha raioliña desa, pasaron por aquí e visitaron toda esta bisbarra. O mesmo Anxel Fole, cal sabio que non se cansa de buscar, estivo, unha e outra vez, percorrendo estes vieiros.

Lembramos a que fixera acompañado do ínclito escritor de Randulfe, Manuel Orestes Rodríguez López de Paradela quen deixou a súa obra "Viaxes con Anxel Fole". Nunha desas crónicas relata coma estiveron pola Veiguiña, Vilaverde, .. e, como non, en Torre Novaes, volvendo as Terras de Sarria co bagaxe grandioso desta Terra Brava, a verba das súas xentes, o recendo dunha terra de historias e lendas, punto onde a fantasía e a realidade habitan nun mesmo castelo, Torrenovaes.

Xa de volta dicía, Manuel Orestes, nun deses relatos viaxeiros:

"Camiño de Paradela, o Sol rubio coma unha roda de lume, pousado na Croa do Toural.... Polas costas do Loio, baixo un arco triunfal de carballos e

castiñeiros....."

Grazas a "Lus do Candil"e a xente, coma Manuel Orestes e Xosé Manuel Carballo, compañeiros de camiño de Fole, axudan a que se manteña acesa, e conservala nun libro "Viaxes con Anxel Fole".

Raiolas que ningunha nube procelosa poderá eclipsar mentres quede impresa a voz do pobo no folio do "Cartafol"do xeneroso escritor.

Se morren os maiores e os libros non recollen as súas verbas, palabras da grandiosa e valiosa tradición,

Qué faremos nós??

Avermellado, avermellado, este relato nunca estará rematado sempre que haxa avós que, no seu luscofusco vital, transmitan a carón do lume familiar, unha nova, nostálxica e romántica versión aos seus queridos, eses netos, amenceres de esperanzas que, aínda que sempre teñen presa, non dubidan en facer longa parada, encorados no berce das agarimosas e doces verbas de quen é luz na escuridade, o avó...



***... "A pátria é a nosa lingua – agora e sempre vilipendiada e perseguida – que florece nos recantos do mundo ... A pátria é unha canción. Cando o coro teña todas as voces reunidas, cando as gamas da escala den o seu ton, a pátria será grande..."***

***(Antón Avilés de Taramancos)***

FIN SEN FIN

***Pepe Pol***

# Mención de Honra Narrativa



## MARCOS DIOS ALMEIDA

Premios Literarios

1º Premio Concurso de Relato Curto "Olladas á migración". Vilaboa 2007

1º Premio III Concurso de Relato Curto "Eduardo Chao". Vigo 2008

2º Premio X Certame de Contos "Cultura Quente". Caldas de Reis 2008

Finalista V Certame de Narración Curta de Curtis 2008

Finalista XIII Concurso de Microrrelato "Todos somos diferentes". Madrid 2008

2º Premio I Concurso de Relatos "Ciencia que Conta". Vigo 2008

1º Premio III Concurso "Contos de Nadal". Lalín 2008

1º Premio I Concurso de Relato Erótico Sexapilas. Madrid 2009

Finalista Premio Don Manuel de Narrativa Curta. Moralzarzal 2009

Accésit V Concurso de Relato Curto de Ciguñuela 2009

5º Finalista V Certame de Relatos "Villa de Cabra del Santo Cristo" 2009

Finalista XIV Concurso de Relato Curto "Todos somos diferentes". Madrid 2009

2º Premio XIV Concurso de Microrrelato "Todos somos diferentes". Madrid 2009

9º Finalista VII Concurso de Cartas "Dillo a quen maltrata". Lalín 2009

2º Accésit IX Concurso de Relatos "Amigos do Camiño". Compostela 2009

Finalista I Certame de Microrrelato erótico-romántico Art Gerust 2010

Accésit I Concurso Literario "Cuentos del Hammam" 2010

Finalista I Certame de Microrrelato de Ciencia Ficción Art Gerust 2011

3º Premio II Concurso de Relatos "1000 Caminos". Xuño 2011

Mención de Honra XVII Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López 2012

Accésit III Certame de Novela Curta "Vila de Negreira" 2012

Finalista VII Concurso Ars Creatio "Una imagen en mil palabras" 2012

1º Premio foto-literario Guía Secreta "1000 Caminos" 2012

3º Premio Concurso de Cartas "Dillo a quen maltrata". Lalín 2014

Mención de Honra XXI Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López 2015

# Morrer en Samarcanda - Froite

*Marcos Dios Almeida*

Yasira (1)

É aínda cedo... Aínda cedo para finar... Pero o sol xa alumea esta enorme praza que ten seiscentos anos... A afamada Ruta da Seda atopaba nesta encrucillada entre as chairas eurasiáticas un oasis no que parar. Enormes caravanas de camelos ían en viñan unindo Oriente con Occidente, China con Exipto e Turquía, abastecendo primeiro ao Imperio Romano e logo aos convulsos reinos baixomedievais do mundo coñecido por aquel entón.

Velaquí están as tres colosais madrasas de Registan: a de Ulugh Beg, erixida a principios do século XV, onde un cento de estudantes aprenden ciencias, astronomía e teoloxía; a de Sherdar, edificación encargada polo irreverente emir Yalangtush Bahadur, que é un reflexo da primeira, de non ser pola cúpula con forma de cebola (similar á do mausoleo de Tamerlán, quen fixo de Samarcanda a capital do vasto imperio herdado de Genghis Khan) e por dous tigres enrabechados que aparecen nos mosaicos dun altísimo pórtico violando as leis islámicas que prohiben representar seres vivos por medio de esculturas ou gráficos; e entrambas escolas enfrontadas, ao fondo dun patio axardinado, a de Tilla-Kari, coñecida polos detalles dourados como a Mesquita de Ouro; a derradeira en ser construída cunha fachada máis alongada cun par de pisos de arcadas ornamentais flanqueando o portal e esa vistosa cúpula revestida de azulexos turquesas. Que grande e florecente era Usbequistán daquela! Canto poderío demostraban os musulmáns e canto respecto recibían mesmo daqueles atrevidos cristiáns que, coma o veneciano Marco Polo, percorrían medio mundo para comerciar coas riquezas do continente asiático.

Debería sentirme emocionada, impresionada e orgullosa perante tan maxestosas construcións, pero áchome abatida e soa no deserto, abandonada, sen saber case onde estou... Acaso non seguimos todos os musulmáns a palabra de Mahoma recollida no sagrado Corán? Acaso aquel home sabio, que renunciara a todo por darlle á xente unha fe na cal poder crer con devoción, errou ao nos ditar cales serían os nosos pasos na Terra para acadar ao cabo o Paraíso? Errei eu talvez obedecendo a meu pai primeiro, e logo ao meu home?Abofé que si... Equivoqueime por completo... Eu non debería estar aquí arestora! Eu non debería ter seguido os pasos que deron eles, que non che eran os meus, que non eran o vieiro marcado pola miña libre conciencia. Claro que respecto ao Profeta, claro que creo nas súas palabras! Claro que obedezo as regras recollidas polos nosos devanceiros no Corán e na Sunna, pero son unha muller nova do século XXI e iso ninguén o pode cambiar tratándome como se fora idiota, como se fora unha escrava incapaz que non pode

decidir, que non é quen de opinar, ou que polo menos deberá facer o que lle dite o seu marido, cando en verdade iso non me parece xusto en absoluto. E moito menos xusto parece que eu estea neste areento lugar que no seu día foi o centro económico e cultural de toda Asia Central coma un xoguete roto e prescindible usado por un fato de radicais.

Un dos soldados que arrodean a Yasira bérralle algo en francés. Ela non entende nin papa. O tipo parece fóra de si. Apúntalle cunha metralleta capaz de aniquilar a toda unha clase de raparigos que estudan inocentemente nalgún colexio palestino. Tan só el é quen de acabar con todo nun suspiro.

Yasira salaia...

Míralle a través da regaña do seu negrísimo burca, cortado xusto diante duns ollos amendoados gornecidos cunhas longas pestanas nos que escintilan iris e meniñas escuros coma acibeches que perderon determinación. Así e todo, esa mirada tan sumamente feminina, doce e subxugante parece saída dalgún conto de "As mil e unha noites". Nun marco tan turístico, nesa *Samarqand* evocadora que é a cidade máis vella de toda Asia Central, nunha praza na que parecen abrollar tres pórticos oxivais que conducen ás súas respectivas madrasas, tan só falta que se apareza Aladino na súa alfombra máxica, sobrevoando o lugar coma un modernísimo "drone", cunha visión privilexiada da situación e a piques de pousarse no eixo de semellante pandemonio para así salvar *in extremis* a unha muller que fai uns segundos parecía disposta a inmolarse por amor e polas súas inquebrantables crenzas.

Yasira (2)

Non lle entendo... Mirando como se achega a min, como suxeita esa negra metralleta e a hostilidade que súan todos eses soldadiños vestidos de camuflaxe e protexidos por grosos chalecos antibalas, cascos e tapabocas que lles cobren case por completo as facianas -como acontece comigo mesma mentres fito para uns ollos cheos de odio e rancor-, non parece que a cousa vaia saír ben...

Outro tipo, un mangallón de pel escura que probablemente será un marine estadounidense, bérrame algo en inglés. Apenas chego a comprender a palabra *hands* en toda a leria que me solta ruxindo coma un león sen melena.

Os turistas que visitan o lugar neste día no cal se festexa o final do Ramadán na milenaria cidade que os gregos coñecían como *Maracanda*, convertida fai dous mil trescentos anos na capital da satrapía de Sogdiana (provincia persa que tempo despois conquistaría o lendario Alexandre Magno), afástanse coma moscas que foxen do rabo dun camelo bactriano.

Os propios soldados danlles indicacións para que corran ou se agochen baixo algún muro ou tras a esquina da casa máis achegada. É un pequeno exército de vinte mercenarios armados ata os dentes. Non sei como puideron chegar ata min tan rápido, tan silandeiramente. Non escoitei ningún helicóptero aterrando a certa distancia. Tampouco oín a ningunha furgoneta achegándose ao lugar...

A bo seguro xa estaban aquí denantes de que eu chegara. Agardábanme, escondidos nos baixos edificios que arrodean tan sacrosanto lugar. Como pode ser que souberan dos nosos plans? Como pode ser que Sharaf non detectara movementos estraños ou indicios de que algún traidor nos delatara? Ninguén sabía desta misión agás eu, o meu marido, meu pai, Sharaf mesmo e o seu lugartenente Wazir. Claro que tras dun home sempre hai unha muller, e logo as cousas pódense enguedellar de verdade... Puido ser a noiva do Wazir, que é unha envexosa, ou alguén dos servizos secretos internacionais que estivera espiándonos e lograra escoitar as nosas reunións secretas na mesquita. Sexa como for, sei que estou perdida.

Antoine non é quen de controlar a situación, báixelle das mans. Malia que non comanda ese grupo formado polas axencias de intelixencia estadounidenses baixo o estrito mando da OTAN para evitar unha masacre na praza de Registan, a morte do seu colega Étienne a mans duns soldados de ISIS que esquivaran un control nas estradas sirias desequilibrouno dun xeito pouco evidente ata ese mesmo momento. Trémelle o pulso e unha suor fría molla a súa fronte coándoselle polo pescozo ata o peito, arrefriando o seu corazón. Quere aniquilalos a todos, a toda esa xentalla terrorista! Ten moi presente o acontecido na súa amada e ata fai pouco tranquila Francia cos atentados na sé da revista caricaturesca Charlie Hebdo, e meses despois cos mortos nas terrazas do XI Distrito de París e os noventa rapaces tiroteados na discoteca do Teatro Bataclan. Ten medo deses seres impíos, deses monstros que gravan as execucións dos seus reféns, xa sexa degolándoos diante dunha praia libia, xa sexa queimándoos vivos. ÓDIAOS!!!, tanto ou máis do que odian todas esas animalias aos occidentais. E por iso trémelle a man dereita na que tanto se lle notan as veas. E por iso a súa extraordinaria puntería xa non vale un pataco malia que estea apuntando á cabeza da muyahidin.

Sabe que a moza leva un cinto arredor da cintura cheo de explosivos plásticos. Sabe que Yasira ten na manga do burca un dispositivo que, unha vez accionado, fará que ela e todo o que se ache nun radio dun quilómetro voe en mil anacos. O francotirador supostamente debe evitar tal "contratempo", pero a pesar do seu nerviosismo tamén é consciente de que non resulta aconsellable estar a dez metros da terrorista berrándolle e apuntándolle cunha arma automática que pódeselle disparar sen que o seu tremente polgar poida evitalo.

E xusto entón escoitase un disparo... certeiro coma a vontade de Deus, Alá, Yahvé ou calquera suposto ser omnímodo, omnipotente e omnisciente Creador do Universo.

Yasira (3)

Algo impactou en min moito antes de escoitar a detonación...

Sinto o rego do sangue quente escorregando baixo tantas prendas escuras, baixo tantos tecidos, percorrendo todas esas curvas de muller, acariñando a pel núa, perfumada e nova que só o meu home beixou. Como non levo suxeitador ascende ata o bico da teta, descende abruptamente ata as costelas e segue por un ventre que xa nunca concibirá vida. Vou morrer e é mellor así, porque xa non tiña razóns para levar a cabo a misión. Opúxenme a ela ata o último momento, pero obrigáronme a executala, mesmo ameazaron con matar a meus pais se non cumpría coa suposta vontade de Alá. E eles, os meus "compañeiros", apostados nunha furgoneta branca e escangallada aparcada nos límites da praza estábanme apuntando cun subfusil capaz de matar a un xerbo que foxe choutando polo deserto de Qizilqum a un quilómetro de distancia.

Menos mal que se interpuxo o negro! Menos mal que non apertei o botón! Vou morrer, e é mellor así...

Barriada musulmá dalgunha poboación costeira da provincia de Pontevedra (España).

Dúas semanas antes.

-Non podes enviar a Yasira! É a miña esposa!! -o mozo galego, casado dende fai cinco anos coa musulmá nada en Galiza e adoutrinado na radicalidade do integrismo islámico, primeiro polo sogro e logo polo imán Hadi, bérralle a Sharaf alporizado.

Está disposto a arriscar o pelello por Alá, pero que a súa muller se inmole como unha mártir non forma parte dos seus plans.

-Todos debemos estar preparados para entregarnos á hora de protexer aos nosos, para defender as nosas crenzas e o noso pobo, masacrado polos ianquis e o resto de países occidentais. Ti mesmo falaches en varias ocasións connosco estando de acordo en que o mundo occidental leva séculos tratando de someternos, repudiándonos e aniquilándonos sen ter piedade ningunha. Debemos pararlles os pés usando a forza, como a usaron eles nas Cruzadas nunha Terra Santa que era NOSA!, e non deses malnacidos estranxeiros. Non podemos ser débiles, Gonzalo...

-Pero é a miña muller! Non ten nin dezanove anos... É inocente! Só o pai asiste de xeito regular ás reunións. Ela séguenos porque pedinllo eu. Non está tan comprometida. Non é unha rapaza tan relixiosa como debería ser, e... E é a miña dona!!

-Pensas que ti non vas entregar a túa vida á causa? Xa demostraches o que vales pegándolle un tiro na caluga a ese comisionado "franchute", pero ten en conta que o máis seguro será que acabes morrendo en batalla cando marchemos por África para librala do xugo occidental e impoñamos definitivamente a xaria. Uns poucos debémonos sacrificar polo ben da comunidade islámica en xeral. Só nós, que temos unha convicción tan forte e que fomos adestrados nos campos de Tunicia por Al-Qaeda, podémonos encargar de tan sagrada misión. E as mulleres... Non te me trabuques por ter nacido nestas terras de infieis covardes sen sangue nin crenzas. Elas só están aquí primeiramente para nos parir e logo para servirnos como debe facer calquera boa musulmá. Non son putas coma esas desvergonzadas lurpias cristiás! Yasira decidiu o seu destino ao casarse cun guerreiro de DAESH, e pode sernos moi útil levando consigo moitas máis almas impuras das que quitaremos nós os dous xuntos e ben armados.

Gonzalo mira aos ollos a Sharaf, o líder indiscutible da célula que o Estado Islámico posúe no noroeste peninsular e mais en Portugal. Loitan por uns ideais equivocados segundo os cales a única relixión posible é o Islam, e son tan crueis e pouco sisudos como para non perdoar a quen non cumpre as regras que algúns supostos sabios interpretan a partir dun feixe de papeis escritos por homes imperfectos moitos séculos atrás. A meirande parte dos musulmáns detéstanos, considerándoos un cancro mortal, bestas co cerebro atrofiado e lavado que loitan unicamente para outorgarlle poder a un fato de caciques ávidos de poder e riquezas. Son o peor dun mundo que apenas evolucionou en dous mil anos, cando o seu amado profeta "inventou" unha nova relixión monoteísta e abrahámica revelada por Deus a través do anxo Xibreel -Arcanxo Gabriel- na cal percíbense influencias dos ritos preislámicos árabes e das Sagradas Escrituras de veciños xudeus e cristiáns, nese mesmo estéril espazo de terra de Oriente Próximo arrasado dende o albor da Humanidade por guerras fratricidas. Aínda por riba creen na peor das interpretacións da xihad menor (*al-xihad al-asgar*), a ofensiva, que segundo os imamíes e bohraismailíes xiítas só debe ser usada para protexer as terras musulmás dos invasores pagáns ou dos pertencentes aos pobos do Libro (en clara referencia ao Pentateuco: os cinco libros de Moisés da Torá hebrea, aceptados xunto aos Libros de Salomón e os Evanxeos canónicos cristiáns como textos sagrados polos adeptos da "última, máis superior e universal das crenzas").

Eses desalmados reinterpretan esa suposta lei como fascistas que son, impoñendo o terror e as súas crenzas a islamitas doutras faccións relixiosas

mentres aniquilan pobos enteiros cando estoutros non se anexionan a tan sanguenta e impía causa. Os xinetes do Apocalipse, o terror feito carne e óso sen alma, quen, armados con instrumentos mortíferos moito máis modernos ca as curvas cimitarras de antano, fan publicidade da súa demencia e do horror a través dunha Internet na que, por desgraza, ata un meniño pode atopar as visións máis aberrantes que un ser "humano" poida imaxinar.

Gonzalo (1)

Non quero meter a Yasira nesta merda. Xa arrisquei eu o pelello indo ata ese París en estado de sitio para sementar o caos novamente, para infundirlles aínda máis temor aos fachendosos parisienses. Claro que creo en Alá!, e sei que moitos infieis deben morrer, pero eu nacín aquí, son galego... Non podo sacrificar unha inocente. Non podo seguir con semellante tolemia!

Deixo a Sharaf na mesquita improvisada no enorme almacén inacabado da familia Almahdi. A xente sorpréndelle mirar andando pola beirarrúa a un tipo co pelo da cor do fogo e a cara pálida chea de pencas, con estas barbas de chibo que agora puxéronse de moda, vestido cunha longa xilaba branca, calzando babuchas e usando turbante negro. Pero xa lles sorprendía o meu aspecto antes. Nunca fun unha persoa moi sociable, moi integrada nesta sociedade tan parada na cal nacín. Supoño que por iso precisaba darlle sentido á miña vida... Logo de que me botaran da marmorería na cal traballaba de sol a sol por un "necesario" recorte de persoal que demos ía facer eu? Meu pai borracho mallara en min durante anos, e mamá só era unha zombi escravizada por el. Miñas irmás fuxiran daquel inferno de fogar facía décadas, pero eu ficara en completa soidade coma un can desvalido disposto a seguir recibindo malleiras.

Pero tempo despois atopei a Yasira un día na feira e namorei deses ollos negros para sempre... Como non querer a unha mociña tan doce, tan boa, que non era unha lercha e unha calquera coma todas as outras que coñecín? Non se deixaba tocar facilmente, e só nos demos un par de bicos denantes de que ela me presentara ao pai. Aínda lembro a cara de tolo do vello, coas barbas sen bigote brancas e esa torva mirada de voitre... Atravesoume coas súas afiadas pupilas, mirou para a filla prometéndolle unha zorregada en silencio se eu non lle entraba polos ollos -cousa pouco probable-, e cun aceno fíxome sentar fronte a baixa mesa do salón-comedor.

Só a boa da nai de Yasira, Aneesa, sabía do noso, e por suposto non llo comentara ao patriarca daquela numerosa familia de oito irmáns. Non sería a primeira vez que miraba a cara negrexada da cincuentona, e estaba claro quen era o culpable de tanta dor. Pero eu era consciente de que Muhammad ibn Almahdi

sentía certa devoción pola menor das súas catro fillas. "Yasi" era a máis belida e aleuta, pero asemade resultaba tan submisa que nunca lle retrucara nada ao pai. Temía que o vello lle dera un par de labazas mesmo cando me presentara ante el, pero ao non ser así vin a oportunidade de gañarmo a base de respecto e adulacións. E curiosamente din cun segundo pai nese cabrón; de certo non moito mellor ca o meu pero que como mínimo me valoraba máis ca aquel alcohólico para quen seu fillo non era nin a sombra do vento.

Pepe Vieites nunca fora crente, polo que na casa só miña nai ía á igrexa de forma regular. E meu "paiciño" non lle puña inconvenientes pois dese xeito podía saber onde estaba mamá cando saía do noso benquerido fogar: unha de dúas, ou a abnegada muller ía mercarlle a comida que lle cociñaría e serviría no prato, ou pola contra estaría controlada pola miña tía paterna, moito máis asidua á misa ca o seu ebrio irmán. En todo caso, iso de asistir ás reunións do *khatib* logo da oración comunitaria do venres, o de converterme ao Islam despois e o de me prometer á filla do home máis poderoso deste barrio meteume nunha calella sen saída. Era como seu eu fora unha insignificante folerpa de neve caendo riba do cume dunha montaña nevada. Logo esa penuxe chocaba cun material similar pero máis duro, consistente e tenaz: unha acumulación de neve dura que tiña unha misión ineludible. E así o farrapo acababa sendo bóla que medra sen parar ata xerar unha avalancha imparable capaz de aniquilar todo un exército inimigo.

Metérame naquel sarillo e xa non sabía nin como saír. Laváranme tanto o cerebro... e tanto quería eu a *Allah*, e tanto degoraba facer eu polo ben dos mahometanos que estaba disposto a entregar a miña vida á causa. Pero o malo do asunto era que o pai de Yasira semellaba ser máis fanático ca o propio imán. Se cadra a súa verba non parecía tan envelenada como a cuspida por aquel gordo con barbiña ben recortada e pinta de califa vido de Damasco, pero na súa mirada había unha frialdade e un baldeiro inevitables. Tan convencido estaba de que tiñamos que acabar nas ringleiras do Estado Islámico que ao final accedín a que Yasira formara parte dos malvados plans de Sharaf. E Sharaf era un tipo sen escrúpulos co sangue aínda máis xeado ca o meu. El non soñara con matar ao pai dun tiro, como fixera eu en mil ocasións: el fixérao realmente anos antes de virse fugado para España. As autoridades marroquís perseguíano por tal delito, pero, así e todo, aquilo só era un ruxerruxe entre os nosos porque ata entre as peores bestas o parricidio resulta inconcibible. Porén, quen lle replicaba a aquel asasino? Creo que nin Deus. Mellor dito, creo que nin o Máis Alto (pois nós non usamos o seu nome en van como fan os estúpidos infieis occidentais).

O mozote atravesa a cociña que rexenta a irmá menor do pai da súa esposa, a repoluda Fadila, que cociña mellor ca ningunha outra solteirona (as malas linguas

din que os varóns islamitas achegados repudiárana porque tivera "tratos" cun cristián da zona, pero ela gañara o perdón dos seus a base de cuscús con polo e uns fideos *reshteh* que devolvíanlle os folgos a calquera logo do xaxún do mes de Ramadán), sobe os banzos que levan ao derradeiro andar dun horrendo edificio de catro plantas no que conviven sete familias marroquinas e algún que outro inmigrante ilegal, e peta na porta aberta da casa do sogro. Hai tempo que el e mais Yasira se mudaron á choupana da avoa materna do mozo, situada nas retortas rúas da aldea máis achegada, a menos de dez minutos camiñando.

-Entra, Gonzalo! -anímalle esa voz severa que parece dominar o mundo enteiro. O xihadista pregúntase unha vez máis como é posible que o sogro saiba quen chama á porta sen que o visitante musite unha soa sílaba. Muhammad é un deses tipos, atentos a cada detalle, que memorizan as características das persoas que se topan no camiño para dese xeito saber como controlalas en todo momento. De non ser tan velleiro tería resultado un líder máis temible ca o desapiadado Sharaf.

O rubio galego mahometano entra no apartamento baixando a cabeza en sinal de reverencia. Mira aos ollos do enxoito ancián. Sabe que o que lle vai dicir non lle gustará en absoluto. A súa propia muller recibiu a quinta lapada da súa vida días atrás cando quíxose negar diante do pai a participar naquel futuro atentado.

-Que me queres, xenro? -cúspelle en árabe o beduíno sen miralo, como se non lle tivera posto a man enriba a ninguén nas últimas horas.

-Xa sabe ao que veño, señor... Non é xusto que metamos a Yasira nesta lea, nesta guerra nosa.

-XUSTO?! -berra o vello entón, poñéndose en pé alporizado. Gonzi (o hipocorístico que a miúdo usa a súa amada muller para chamalo) intúe como vai desenvolverse a conversa, pero non está disposto a permitir semellante barbaridade, polo que decide non recuar un só paso:

-Yasira é case unha nena. Élle a máis estudosa e guapa das súas fillas. Non debe inmolarse pola nosa causa!

-A nosa causa é a súa, necio!! Que o pensara ben antes de arrexuntarse cun sucio español -o ancián, cuxa imaxe recórdalle ao galego ao mesmísimo aiatolá Jomeini, soségase un anaco, máis polo ben do seu murcho corazón que por non faltarlle ao respecto a un mociño con escasa vontade propia-. Fará o que lle diga seu pai, e o seu marido -Muhammad mírao outra vez desafiante, coma se fora o propio Deus escrutando a Abraham-. Terás que renunciar ao que máis queres e sacrificarte ti mesmo polo ben do Islam! Portácheste ben ata agora, e co paso dos anos convertícheste nun fiel musulmán. Gañaches o respecto de Sharaf e de min

mesmo librándonos daquel pailaroco político francés. Fuches valente, fillo. Non che tremeu a man.

Gonzalo non lle responde nada... Claro que treméralle a man! Claro que logo botara todo o que levaba dentro! Claro que chorara como un desconsolado debaixo dunha ducha de auga fría e que sufrira infrinxíndose a si mesmo zorregadas cun látego coa rigorosidade dun numerario do Opus Dei ou dun xiíta imamí flaxelándose e cortándose a fronte na Achura (a festa anual que conmemora o martirio de Husayn, neto de Mahoma e segundo imán do xiísmo), culpándose así mil e unha veces por tamaña atrocidade.

-Pero agora debemos seguir as ordes ditadas por Mukhtar dende Madrid -asevera o irado ancián-. Yasira é a única rapaza sen antecedentes da organización. Ninguén sabe dela, de min mesmo e tampouco de ti, malia que xa es un comprometido combatente do Estado Islámico de Iraq e o Levante. Con todo non tardarán en achar probas que te sinalen, e logo a nosa familia será perseguida por asasinos infieis... Eu mesmo busquei esta situación e pedinche que te uniras a nós. Por iso debo sacrificar a miña filla en honor a Alá. Todos iremos ao Paraíso, á *Yanna* dos xustos, e alí as hurís servirannos mosto e uvas e farannos gozar moito máis do que puidemos sentir nesta terra funesta na que estamos de paso. Ogallá non tiveramos que inmolala... pero tampouco esa foi decisión miña: éche a única muller do comando que pode levar a cabo o atentado, e ti sábelo ben.

Existe unha migalla de convicción nas palabras do patriarca. De feito un mundo de murchos sentimentos teríano levado a chorar, pero aquel impío ser non bagullaba des que fora un fedello que pasaba fame e sede na haima que o pai erguía no deserto do Sáhara, a carón dos seus doce irmáns. Sufrira moito e endurecérase aínda máis ca a meirande parte dos homes. Mirara aos soldados marroquís tiroteando polas costas ao seu proxenitor por non entregarlles as terras que mercara na cidade costeira de Larache cos aforros dunha vida de comerciante nómade, e dende aquela odiaba os gobernantes que se pregaban aos caprichos do capitalismo mundial. Debía vingarse como fora de todo e de todos, e tal era a súa loucura, tal era a súa insensible determinación que, pese a ser a mesma unha negra borraxeira que agochaba un mar tempestuoso no que aboiaba, coma restos dun naufraxio, a predilección pola filla menor, finalmente esa escuridade impuxérase á pouca luz que lle restaba no corazón levándolle a alma ata as portas do inferno. Muhammad xa non sente nada por ninguén, nin tan sequera por Yasira, por máis que unha voceciña interior, un anxo gardián e pequecho recordo do que outrora fora cando non superaba o metro de altura, chóralle desconsolado, e non por adoecer coa larica á cal estaba afeito na infancia senón por ter que sacrificar como Abraham aquilo que máis quere na vida.

Gonzalo (2)

Baixo a mirada, dou media volta, saio da infausta casa descendo as escaleiras coma un autómata, miro para as rosquillas que tanto me gorentan da Fadila e non lle collo ningunha -como fago decote-, e para rematar marcho para a casa da avoa, onde seica me agarda unha Yasira desesperada que non para de chorar encol dunha cama matrimonial desfeita.

Sharaf advertírallo en máis dunha ocasión:

"Afogarei a túa nai cunha almofada mentres dorme se non cumprides as ordes que vos demos. E ao teu pai deixareino vivo porque sei canto o odias".

Á mañá seguinte de ameazalo así o seu amado bull terrier Fidel aparecera separado da cabeza na horta. Ninguén escoitara nada, ninguén mirara nadiña. Todo acontecera na noite, nese escuro e tebroso mundo no que mandan con total impunidade as peores animalias paridas pola natureza.

Gonzalo soterrara o animal enseguida para que a veciñanza non soubera do acontecido, e á mañá seguinte comentáralle compunxido á nai que seguramente os xitanos roubáranlle o can para sacar cartos con el nas pelexas ilegais. Aquela fora unha ameaza crúa e moi real, e el sabíao. Sharaf era quen de matar aos seus propios familiares, se ben Gonzalo non estaba convencido de que fora capaz de inmolarse por ningunha causa, por moito que esta tivera supostamente como *leitmotiv* o encomiable feito de protexer as douradas palabras manuscritas no Alcorán.

Centro hospitalario de Samarcanda (Usbequistán). Dúas semanas despois.

-Ceo santo!! Está perdendo moito sangue! Levádema de inmediato á sala de operacións! -berra un guicho nun idioma incomprensible para o militar que custodia a terrorista e ata para ela mesma. Yasira estase desangrando... pese a que o disparo foi realmente atinado.

O médico dá unhas cantas ordes e deixa a un mangallón de pel escura de case dous metros cunha fasquía no rostro que denota a súa preocupación no corredor dun hospital anticuado ergueito oitenta anos atrás.

A liña do cardiógrafo varía de xeito radical.

De socato a paciente, vestida cun longo burca negro enchoupado nun sangue apenas perceptible pola cor dun tecido que o doutor curta cunhas tesoiras, entra en parada cardiorrespiratoria. A liña descende en picado dende o picouto dunha montaña de vida cara á chaira da máis absoluta desesperación.

Os segundos fanse eternos... Os minutos case non transcorren...

O asubío da máquina, logo duns intres en silencio, soa con debilidade e ao cabo vólvese regular.

As horas de vagar falan de trémulos pulsos, de tépedas recuperacións...

Yasira (4)

Escoito a dúas persoas falando. Non lles entendo. É coma un balbordo xordo e ao tempo monótono, distante, coma o rezo dos musulmáns fronte á alquibla, todos a coro, mirando para a Meca. Todo é escuridade... Se cadra..., se cadra morrín e a miña alma asiste ao seu funeral, impertérrita ante os lamentos e sotelos da comitiva funeraria. Serán carpideiras que representan a pantomima de que senten unha gran dor pola miña partida?

-Teño que recoñecer que foi un disparo incrible, case cirúrxico -comenta o médico desta vez nun perfecto inglés cun acento estraño e marcado. O tipo é un cirurxián de lenes trazos faciais mongois pero coa pel tostada, como acontece coa maioría da probación de Usbequistán, mestura interracial imposible de usbecos, rusos, taxicos, casacos, tártaros, caracalpacos, coreanos, quirgizos, ucraínos, turcománs e turcos-. Xusto no sitio adecuado para que a moza non morrera pero quedara neutralizada, a vinte metros dela! Sería vostede un bo cirurxián. Abofé que si!

O soldado afroamericano parece satisfeito.

Leva horas no hospital pendente da evolución da paciente, da súa cativa, a terrorista Yasira. Foi el quen apuntou a un palmo do seu corazón, xusto nese oco que hai riba da clavícula, ao mirar ao compañeiro francés perdendo os estribos.

Aínda que atravesándolle o corpo nese punto evitaría o movemento da man esquerda (xa que Yasira era zurda e el sabíao), nunca chegara a temer que a muyahidin premera o botón que accionaría as bombas. Era consciente de que ela negárase a facer tal no último momento, e a súa linguaxe corporal pasiva demostraba que non tiña pensado accionar o artefacto. A árabe galega só estaba agardando a que os seus confrades xihadistas a executaran a distancia. Ou se cadra a que acontecera un milagre. E un milagre caído do ceo fora que el, Louis Thomson, o mellor francotirador da súa promoción, acertara no lugar que inmobiliza o brazo executor sen danar órganos nin crebar ósos, veas ou arteiras. Se André tivera avanzado máis, se se lle tivera ido o control da situación non só Yasira perigaría, senón que por mor dun tiro mal dado a islamita podía chegar a accionar a bomba simplemente por medo ou por un movemento reflexo.

O condecorado soldado Thomson agarda de pé coma unha estatua nun hospital edificado na zona máis nova de Samarcanda nos tempos nos cales a urbe converteuse en capital da antiga República Socialista Soviética de Usbequistán, a

varios quilómetros de distancia da praza de Registan. Como militar de maior graduación do comando responsable de organizar o plan final (cuxo nome en clave era "Operación Hurí"), Louis xa chamara aos seus superiores para que avaliaran a actuación do francés durante a incursión e tomaran unha decisión logo de ter sido demostrada a súa incapacidade para afrontar momentos de máxima tensión. Podía comprender polo que estaba pasando o mercenario, pero iso non era óbice para que un tirador profesional descontrolado se convertera nunha bomba humana capaz de pór en risco a integridade de calquera experimentada unidade. André Cavalier debía ser apartado das operacións especiais *ipso facto*, e el debíase encargar de velar pola saúde da terrorista denantes de levala á cárcere para que logo asistira ao xuízo no que recibiría a súa correspondente condena.

Louis miraba a Yasira como unha vítima máis do desatino do extremismo máis absurdo, inxustificado e cruel. Sabía dela todo o que os servizos secretos puideran pescudar, malia o hermetismo das comunidades de emigrantes árabes afincados na Península Ibérica. O feito de ser tan nova e de ter nacido nun concello rural facía dela unha completa descoñecida, outra mociña máis, unha cidadá de terceira por culpa da cor da súa pel e sobre todo pola cultura á cal pertencía. Que seu pai fora un sunnita ultraconservador pouco integrado na sociedade española tampouco axudaba a que ninguén soubera moito da familia, pero era evidente a influencia dos Almahdi naquela cativa comunidade islámica, nunha illa mahometana que vivía á marxe do mundo occidental e galaico que a arrodeaba.

Non obstante a CIA atara cabos e soubera recoñecer no marido, Gonzalo Vieites (de vinte e catro anos e de profesión marmoreiro), o sicario que taparuxado cunha palestina e armado cunha vella Tokarev TT-33 do exército da extinta Unión Soviética acabara coa vida dun embaixador francés que traballaba nos países da Península Arábiga. O rubio mozo aproveitara a valiosa información subministrada por un toupo instalado na xendarmería francesa para acabar coa vida do político cando este saía da casa á procura dunha *baguette* para almorzar. Non había moitas fotos do radicalizado Gonzalo para contrastalas coas imaxes tomadas pola videocámara dunha sucursal bancaria, contigua ao cruce de estradas onde o galego acabara co obxectivo dun tiro na caluga logo de achegárselle polas costas tras saír dunha esquina. Non sabían nada das reunións secretas que tiña o imán damasquino cos membros da célula galega do grupo de ISIS ibérico establecido en varias poboacións, algunhas de certa importancia e outras tan cativas coma aquel concello do sur de Pontevedra. Como diaños ían supor os servizos de espionaxe internacionais o que se cocía naquel pote de cobre no que aboiaba un polbo á feira? Pero o recente asasinato en París fixera saltar todas as alarmas, e grazas ás toupas metidas nunhas bandas que ás veces funcionan por medio de "lobos solitarios" (coma o imitador que reproducira os atentados de París en

Copenhague), e mercé tamén ás imaxes obtidas polas cámaras parisienses, "intelixencia" fora quen de atar cabos para logo tirar do fío ata desenguedellar o nobelo.

O atentado que Yasira estaba obrigada a perpetrar na praza de Samarcanda sería o primeiro de moitos que sementarían o terror nos países mahometanos de toda Asia. As informacións das que dispuñan americanos e europeos aseguraban que o seguinte ataque acontecería no interior da mesmísima Basílica de Santa Sofía, en Istambul; un edificio que co tempo convertérase nunha atracción turística para "infieis" e que tiña unha historia ben dilatada xa que fora ergueito en Constantinopla a comezos do s. VI co patrocinio do emperador Xustiniano I, fora herdado polo Imperio Bizantino como igrexa cristiá ortodoxa, e ao final pasará a mans dos turcos e logo do Imperio Otomán de Solimán o Magnífico (quen conquistou boa parte dos Balcáns, Oriente Próximo, o norte de África e dominou o *Mare Nostrum* a partir dun Corno de Ouro que segue sendo a ponte natural entre Europa e Asia).

Por outra banda, Samarcanda posuía un valor simbólico xa que nela edificáranse algúns dos primeiros templos islámicos centroasiáticos. Aquela antiquísima cidade erixida no val do río Zeravshan, illada do mundo por montañas e desertos, sería a localización ideal para pór a proba os recursos das forzas occidentais en Asia. E colocarlle unha bomba a unha moza tan anxelical nun día de festa, xusto cando centos de romeiros comezaban a pulular de templo en templo, era unha ocasión que ISIS non pensaba desperdiciar. Por outra banda, pese a que as ordes viñan directamente do acuartelamento de Faluxa, en Iraq, atentar en contra do patrimonio histórico-artístico das poboacións que pertenceran aos antigos imperios islámicos (incluído o medieval e ibérico Al-Andalus) tamén formaba parte dos plans dos mandaríns de semellante asociación criminal. Por desgraza había xente moi influínte e rica tras daqueles terroristas, os cales para máis inri comerciaban ca arte roubada nas zonas conquistadas e collían reféns nas mesmas esixindo o pago de grandes sumas de cartos ou a liberación dos membros do DAESH encarcerados.

A súa maldade ata leváraos a usar nenos como escudos humanos, como soldados improvisados ou bombas viventes. E se estes coitados infantes non cooperaban os terroristas torturábanos das máis inimaxinables maneiras... Non tiñan piedade de nada nin de ninguén, pero, así e todo, algo lle dicía a Louis que aquela estudante universitaria en realidade non pensaba como tamaña escoura, e que foran as circunstancias as que a levaran a converterse na mártir dunha loita que nin tan sequera tiña a aprobación dos estados árabes con políticas máis extremistas e represoras.

Yasira (5)

Estou viva... e non sei como saín desta...

Polo pouco inglés que coñezo creo que á miña esquerda áchase o soldado que me disparou. Non sei por que teño a impresión de que, malia as aparencias, débolle a vida.

Abro os ollos e vexo formas difusas, volumes de cores pouco rechamantes... Distingo o seu traxe de camuflaxe e a bata branca do doutor. Por fin son quen de ver as formas cada vez máis nitidamente. É o home negro que estaba tras o francés que me apuntaba cunha metralleta.

Agora sorpréndeme a súa actitude, porque me sorrí! Sei que terei que responder ante un xurado dos meus actos. Agardo que sexan indulxentes e que non acabe na forca... Non sei quen nin onde me xulgarán, pero a pesar diso recoñezo o que lle debo ao marine, polo que devólvolle o sorriso aínda que me doe todo e supoño no futuro máis inmediato unha longa e magoante recuperación.

Os boinas verdes achan o niño da célula de ISIS nun casopo de Samarcanda. Entre eles recoñecen ao marido de Yasira. El non terá tanta sorte coma ela porque existe unha orde de busca e captura emitida pola Interpol para detelo alí onde se agoche. Caeranlle tantos anos que sairá dalgunha cárcere gala cando sexa ancián. Pero Yasira ao non ter antecedentes, ao non ter matado a ninguén, ao se comprobar que fora ameazada, así como grazas a que o capitán levara unha cámara no casco que gravara a acción previa á súa detención (na cal non se lle albisca a menor intención de apertar o botón que a tería levado directamente ao Paraíso previsto para os muyahidin), cumprirá uns cantos anos e será libre con tempo para formar unha familia.

Para desgraza da Yasira, alguén visítalle ao pai na súa Galiza natal logo de subir non sei cantos chanzos nunha "casa-patera" de varios pisos onde recende ao curry que a boa da Fadila bota ás súas gorentosas comidas para condimentalas ben.

Sharaf peta nunha porta que está sempre aberta cos cotenos en branco. Agochada por unha negra camisa de seda na base do lombo e suxeita polo cinto de coiro leva unha Magnum cun silenciador.

-Pasa Sharaf, estábate agardando...

-Bos días, vello.

-Xa vexo que me perdiches o respecto, rapaz -contesta o ancián vestido coma un aiatolá e sentado coas pernas cruzadas fronte a súa mesiña e un té fervendo nunha teteira de aceiro.

-Perdincho cando nos delataches!! Ou pensas que somos parvos?! O noso contacto na xendarmería enviounos unha gravación axunta a un e-mail. A túa severa voz resulta inconfundible.

O vello sabe que lle chega o seu final... Non lle importa, un cancro estao devorando por dentro, malia que só o saiba el e mais o médico. É consciente de que debe pagar polos seus pecados, aínda que denunciar á "Banda de Samarcanda" para salvar á súa inocente filliña non forme parte deles. Trabucouse ao tomar as palabras de catro alienados extremistas ao pé da letra. Trabucouse ao darlle máis valor ás fermosas e ganchudas grafías escritas nun libro ca a inestimable vida dos seus. Enganouse tratando a estes coma serventes que tiñan que obedecelo durante o resto das súas miserentas vidas, pero non se equivocou ao tratar de expiar tanto erro xunto apelando aos seus sucintos sentimentos.

-Irás a por ela? -pregúntalle o ancián a Sharaf para marchar ao Máis Alá cun sorriso de paz nos seus finos e secos beizos.

-Non. Xa saben todo o que queren... Prenderon ao teu xenro e ao resto do comando. A el caeralle a perpetua. Ninguén sabe de min, e sei que ela nunca me denunciará: xa non ten nada que gañar extorsionándome... Marcharei ben lonxe e seguirei servindo a quen me pague mellor.

-Sempre fuches coma eses visóns americanos que algún inconsciente ceibou das fábricas peleteiras españolas: un estranxeiro descastado, un traidor sen ideais e un asasino voraz e sanguento que acaba con todo o que topa diante. Agardo que Alá che poida perdoar, pero dubídoo moito.

-Pois dálle saúdos a ese ser omnipotente que nos puxo a todos nesta maldita situación, porque eu non che creo nel nin en andrómenas parecidas.

Un disparo certeiro no medio da fronte que ninguén escoita acaba co sufrimento que tería padecido nos seguintes meses o vello radical. Sharaf pecha con sumo coidado esa porta que só se fechaba de noite e descende unha vez máis ao averno.

Mentres, no hospital de Usbequistán, Yasira nota con estupor algo que non percibira xamais... Algo... bátelle no ventre!! Algo que parece herdar a forza do seu malpocado proxenitor e ao tempo a dozura propia da nai. Ogallá esa nova vida teña máis sentidiño ca uns pais escravizados polas ideas dun par de tarados. Ogallá ese bebé saiba apreciar o verdadeiro valor da VIDA.

***Marcos Dios Almeida***

# Mención de Honra Narrativa



MIGUEL MOSQUERA PAANS

Miguel Mosquera Paans Escritor de Carballiño, (España), nacido en Rotterdam (Holanda) 1964 es un polifacético comunicador, director, tutor, coordinador y escritor.

En la faceta literaria aglutina importantes y numerosos reconocimientos en ensayo, narrativa, novela, periodismo y poesía. Asimismo ha sido distinguido por un gran número de condecoraciones honoríficas a nivel internacional.

## Publicaciones

**Ensayo y etnografía:**
A cidade de Ouro. AICA. Ourense, España, 2009
Lendas de Ourense. Edicións do Cumio. Pontevedra, España, 2011.
Leyendas de la ciudad de oro. Editorial Casa Eolo, Huesca, España, 2011
San Esteban de Ribas de Sil: una historia de leyenda. El taller del Poeta. Pontevedra, España, 2011
Ourense, dez mil anos nun xantar. Embora Edicións. Ferrol, España, 2012.
**Galicia. Leyendas desde el confín del mundo. Ed. Cumio, Pontevedra, España, 2012.**
**A nosa botica: plantas medicináis. Edicións do Cumio. Pontevedra, España, 2013.**

**Novela:**
Putas de la fe. Ediciones VyS, Prodevys. Sevilla, España, 2011.
Viaxe a Lánsbrica. (Versión en Gallego) Urco Edicións. Compostela, España, 2012.
Uma viagem a Lánsbrica. (Versión en portugués) M.P. Literary Edition. U.S.A., 2013.
Trip to Lasnbricae. (Versión en inglés) M.P. Literary Edition. U.S.A., 2013
Viaje a Lánsbrica. (Versión en español) M.P. Literary Edition. U.S.A., 2013
¡Chihuahua! EC.o Ediciones Cívicas, Euskadi, España, 2015.

**Obra colectiva:**
Michel Bizet, Finisterrae. Arte. Alva Gráfica. A Coruña, España, 2009
Cristiáns puros de África. Arte. Xunta de Galicia. Compostela, España, 2010.
As paisaxes de Acisclo. Arte. Caixanova. Ourense, España, 2010.
Mil y un poemas saharauis, volumen II. Ed. Biblioteca de las Grandes Naciones, colección literatura y tradiciones saharauis, libro V. Oiartzun, España, 2013.
Cuando quieras mirar a las nubes. Narrativa. La Pereza. Miami, U.S.A., 2013.
Antología LAIA IV. Poesía. Latin American Intercultural Allyance. New York, U.S.A., 2013.
Antología I Concurso literario Pensamientos para la Eternidad. Letras con Arte, Barcelona, España, 2014.
Tú, antología poética. Ediciones con Talento, Almería, España, 2015.
Un mismo vuelo. Ediciones Universitarias Valparaíso/ pontificia Universidad Catótilca de Valparaíso, Chile, 2015.

**Poesía:**
Archivos de la memoria y el mar. Armonía Universal, Ourense, España, 2008
Archivos del Atlántico. Editorial Casa Eolo. Huesca, España, 2011

# El anciano de Santa María de Loio

*Miguel Mosquera Paans*

*LEMA: O que daría por volver a camiñar por aqueles cómaros verdes*

La parroquia de San San Salvador das Cortes desaparecía bajo un denso manto de niebla que se apoderaba del espacio, ocultando el paisaje lucense de inicios del siglo XX. Emilia se apoyó sobre un muro divisorio, empapando la mano de agua que rezumaba el tapiz verde intenso de musgo que cubría la linde.

Apenas una semana antes había dado a luz a la pequeña María que cargaba a la espalda hecha un hatillo, en un equilibrio imposible en el que un cántaro de agua acomodado sobre su cabeza mantenía una oscilante vertical.

Dolorida aún por el parto y con el agotamiento incrustado hasta la médula por las noches en blanco velándola, la aldeana tomó aliento y volvió a ponerse en marcha para poder descargar cuanto antes aquel peso que la aplastaba.

Al llegar a casa llenaría un biberón en el que la leche se teñiría del color del vino para que María creciera bien alimentada, para luego cargar en el carro los quesos que al día siguiente iría a vender a la feria de Paradela.

El rorro se impacientaba reclamando que llenaran su estómago mientras la madre, aturdida por el cansancio, alargaba la leche para que María se sumiera en un profundo sueño después de comer.

* * * * *

Froilán buscaba una postura cómoda en la cama. Por la mañana Emilia había sustituido el colchón de chala por uno de lana: llevaba días vareando el contenido de la colchoneta porque su padre se quejaba de que las hojas secas hacían demasiado ruido y lo molestaban para dormir.

La labriega sustituyó el jergón porque estaba harta de escuchar las lamentaciones del convaleciente, que se había traspuesto coincidiendo justo con el nacimiento de su nieta.

Había momentos en los que la infeliz campesina ya no sabía a quién de los dos atender primero: si el bebé lloraba de hambre, Froilán sollozaba por su postración; si la pequeña se dolía de gases en la tripa, el doliente gimoteaba por lo abandonado que se sentía.

* * * * *

Emilia atizó el fuego del lar avivando la llama para calentar el pote. Por la cocina humeaba una nube de olor a unto, habas, patata y berza cocida, mezclado con aroma de maíz. Sobre la mesa de pino, otrora lozana y que ahora mostraba el color ennegrecido del tiempo, enfriaba un enorme bollo de pan de borona.

La primeriza coló la leche caliente de la vaca, que desde que se ordeñara fresca a la mañana permanecía en el cubo, arrimada a la laja del hogar, vertiendo el blanco alimento en una botella a la que le añadió dos dedos de tinto.

Se alisó el pelo acomodando la pañoleta, pasó la mano por el límite del atuendo verificando que estaba colocado en su sitio, y comprobó que los nudos se sujetaban bien cerrados. Luego se sentó y arregló la falda para habilitar un hueco maternal, acogiendo en su regazo a María para alimentarla al calor de la lumbre.

Emilia estaba preocupada por no poder amamantar a su hija, persuadida de que Dios la había castigado con unos pechos tan secos e improductivos como voluminosos, seguramente como penitencia por utilizarlos con anterioridad a casarse, como argumento para convencer a Juan de que era ella la única moza a la que debía mirar en las fiestas, y por no haber confesado al hacer votos ante el altar, que antes de entregarse en el lecho conyugal ya había fornicado con su futuro esposo. Y para colmo de males en toda la aldea ninguna otra mujer parió cuando ella, que pudiera servirla como ama de cría. Por suerte la pequeña parecía adaptarse a aquella solución de la botella tapada con un paño que se empapaba, facilitándole la succión pese a lo agotador que le resultara.

* * * * *

Juan había partido hacía seis meses otra vez a Asturias: luego de buscar infructuosamente cualquier oficio con el que aliviar la penuria que los consumía, se enroló en un ballenero para poder darle a su heredera mejor existencia de la que a ellos les tocara vivir.

El esposo permanecía cada vez menos tiempo en casa. La última vez fue apenas durante una semana en la que se apreciaba cómo mudaba su ánimo. Emilia no entendía por qué su marido afirmaba que la aldea se le quedaba chica, cuando el barco en el que servía como tripulante era aún más reducido.

Un escueto “deja ya, mujer”, era toda la explicación que obtenía de él cuando le suplicaba de rodillas que se las llevara a aquel pueblo marinero de Llanes donde

se había instalado y del que decía que todo era distinto, aseverando que incluso el reflejo del sol era diferente.

* * * * *

Aquella mañana Emilia estaba nerviosa. Hacía mucho que penaba por tener noticias de Juan, aguardando que el cartero llegara con algún sobre. La infeliz era tan analfabeta como lo era su padre. ¡Ni siquiera su marido sabía escribir pese a ser quien enviaba la correspondencia!. Pero eso poco importaba: mientras recibiese correo, al menos sabía que el pescador estaba vivo y que tarde o temprano regresaría a casa.

* * * * *

María se quedó dormida chupando el jirón empapado en leche y vino. La madre la alivió de sus harapos meados mudándolos por otros secos, acercando los húmedos a la chimenea para usarlos en la siguiente ocasión. Si tuviera algún paño, la propia Emilia le confeccionaría nuevos pañales con el género, pero no poseía más tela con la que cubrir a su pequeña.
Días había en los que la orina, después de traspasar la ropa del bebé, se filtraba mojándola a ella cuando la acarreaba a la espalda. Pero entre aquella humedad y la de la niebla casi prefería la de su niña, al menos no la calaba hasta los huesos.

La campesina cargó a María en un hatillo sobre el costado y subió a la habitación de su padre para reconfortarlo con una escudilla de caldo, una taza de vino y un trozo de pan. En aquella ascensión oscura por la escalera angosta flanqueada por sendas paredes de pizarra, el amarillo de la miga de maíz centelleaba más aún si cabe.

Froilán deseaba reponerse cuanto antes pese a no ver  la luz al final del túnel, atenazado por los peores presagios. Unas fiebres lo habían encamado, y aunque guardaban algunos ahorrillos de lo que aportaba su yerno, no quería gastarlo en el médico porque ansiaba con toda su alma enfoscar y pintar las paredes de la casa, avergonzado de que la piedra estuviera a la vista por estar construida con cascote.

Emilia permaneció de pie en silencio mientras el anciano daba cuenta del rancho. Al terminar bajó para acabar sus tareas: aún faltaba cambiar el lecho de las cuadras, ordeñar la vaca, cocer castañas para cebar a los cerdos y desgranar unas mazorcas con que alimentar a las gallinas. Después de recoger los huevos horniaría un bizcocho para aprovecharlos, barrería la casa, tejería lino para confeccionar el ajuar,

y luego de calcetar un jersey para que cuando Juan regresara tuviera con qué vestir, aún serviría la cena a su padre e hija, dejando recogida la cocina.

La pobre loza de arcilla cocida se desleía en una tina de agua. Con un trapo viejo previamente espolvoreado arenilla, Emilia fresó las tazas, los tazones, y aun repasó las cucharas de madera, dejándolo todo escurrir en el lateral de la chimenea.

Soportado sobre sus tres patas, un pote con el fondo denegrido hervía entre los rescoldos. Bullendo en su interior, un sopicaldo cedía cuerpo anegando el aire de la estancia en tanto se evaporaba, haciendo el contenido de la cazuela mucho más denso. La aldeana colgó en la percha un exiguo cazo de agua para cocer un par de huevos, enriqueciendo así el puchero. Antes de la sopa batiría a Froilán un par de yemas con vino, unto y miel, para que recuperara fuerzas lo antes posible.

Después de cenar María quedó reposada en un capazo rellenado de lana envuelta en un paño para que pudiera descansar. Cuando Emilia tuvo ya la mitad de la faena rematada le subió a su padre algo con qué alimentarse.

El viento, convertido en una orquesta, se filtraba entre las paredes ululando en el tejado, acompañado por el chasquido de las ramas de los frutales que rodeando la casa batían contra las ventanas.

La labriega subía con sendas palmatorias, una apagada con la que bajaría después y otra encendida que posaría sobre la mesilla, desvelando el misterio de la oscuridad que se agazapaba en el cuarto del doliente.

En cuanto entró en el dormitorio acomodó la almohada a su progenitor, alisó la ropa de cama, y encendiendo el candelero iluminó los ojos de Froilán, que en medio de tanta oscuridad ya no distinguía la pared del suelo.

En el siguiente trasiego la aldeana subió la cena, jaleándolo a que terminara hasta la última gota de ponche con la esperanza de que recuperara el vigor perdido. Emilia necesitaba que Froilán gozara de la mejor salud, no ya para ser una carga menos, sino por toda la faena que ella debía acometer en solitario.

La campesina estaba exhausta. Cenado el postrado descendió a la cocina los restos del cubierto.  María aun dormía el sueño de los querubines.

Sentada al calor del hogar saboreó una taza de caldo: también ella necesitaba reponerse. Luego bajó por la garganta un jarro de mosto y, de sobra merecido, quiso aquella noche darse un homenaje calentado un cuenco de vino endulzado con miel, en el que desmigó una generosa ración de pan.

Aún recogió los peroles sumergiéndolos en la tinaja, esperando que el agua ablandara la comida seca pegada a la loza.

Después, cuando en el lar ya sólo ensombrecía una brasa pálida que se ahogaba, cargó a la pequeña, y con la lamparilla en la mano inició el ascenso al piso superior para acostarse.

Asegurando a cada paso el pie en el escalón, trepaba lenta por el preciado bien que en brazos llevaba, cuando una ráfaga de viento silbó entre ambos espacios apagando la lucerna, dejando el aire a oscuras.

En ese momento justo la labriega sintió que le faltaba apoyo, e intentando tantear con la mano perdió el equilibrio. A punto estaba de rodar por la escalera malogrando la vida del bebé cuando sintió que una enorme fuerza las arrebataba sosteniéndolas sobre la escalinata, al tiempo que la puerta del dormitorio del enfermo batía dejando ver un punto de luz al que dirigirse.

Con paso firme y certero la madre alcanzó con su pequeña la seguridad de la estancia, para comprobar que el anciano falleciera en aquel preciso instante.

Cuando la parentela del campesino supo cómo habían terminado sus días corrió la voz de que, en su último aliento, acudió a proteger a su nieta, y aún hoy dicen que no se sabe si el oportuno salvador era aún de la parroquia de los vivos o si era ya ánima.

***Miguel Mosquera Paans***

# Manuel Rodriguez López

# Fillo predilecto de Paradela

# Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudios de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: ***"POEMAS POPULARES GALEGOS"*** (1968), ***"SAUDADE NO BULLEIRO"*** (1970), ***"SOLDADA MINIMA"*** (1979), ***"ONTE E HOXE VIVENCIAL"*** (1995), ***"A ATLANTIDA"*** (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer, ***"MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA "*** (2009), e "***MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. ANTOLOXIA POETICA***" (2014). En prosa: ***"REENCONTRO COA ALDEA"*** (1983), ***"GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982"*** (1983), ***"GALEGOS EN CATALUNYA-2"*** (1985), ***"VIAXES CON ANXEL FOLE"*** (1988), ***"FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989"*** (1989), libro-programa das festas e ***"VOLTA A ESPAÑA A PE"*** (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan ***"HOMAXE O CHE"*** (1970), ***"A NOSA TERRA"*** (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), ***"HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO"*** (1976), ***"GALICIA NO ANO 1979"*** (1979), ***"JOSE Mª ACUÑA"*** (1983), ***"OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE"*** (1986), ***"VOCES POETICAS"*** (1987), ***"PARADELA Y SU CONCELLO"*** (1990) e ***"ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA"*** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como ***"Gran Enciclopedia Gallega"*** (ver tamén o apéndice I), ***"Medio cento de galegos e Rosalía"*** (1983), ***"88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes"*** (1983), ***"De Pondal a Novoneyra"*** (1984), ***"Diccionario de escritores en lingua galega"*** (1990), ***"Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975"*** (libro e vídeo, 1993) ***"Diccionario da literatura galega. I. Autores"*** (1995), ***"Diccionario de Fole"*** (1997), ***"Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya"*** (1999) e ***"Vida e obra de Manuel Rodríguez López"*** (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas ***"TI ES ETERNO"*** e ***"NEOPLASIA"***, respectivamente; o Premio Xosé Mª Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con ***"A EMIGRANTE"*** e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra ***"NOITE DE NADAL"***.

En prosa, coa peza teatral ***"VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA"***, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos ***"A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS"*** (1977) e ***"QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO"*** (1986) e, en Baracaldo, ***"BAIXA VOLUNTARIA"*** (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progeso* de Lugo, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e Mary C. Otero Rolle musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado ***"Fillo Predilecto do Concello de Paradela"*** e ***"Lucense del año 1989".*** En 1990 inaugurouse a *Casa de Cultura de Paradela "Manuel Rodríguez López"* e, no ano 2001, o novo *"Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López"* tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Os seus restos mortais descansan no Panteón de Paradelenses Ilustres no cemiterio de San Miguel de Paradela. Dende 1995, vense celebrando cada ano o *Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López*, organizado polo Excmo. Concello de Paradela. No ano 2014 foi nomeado ***"Socio de Honra do Centro Galego de Barcelona"*** a título póstumo.

***Máis información na web oficial de Manuel Rodríguez López:***
**www.manuelrodriguezlopez.org/**

# O monstro das nove cabezas

O Xan, estambullado na aira á sombra dunha nogueira, estaba ensumido en cavilacións: Pra casar, eran mester longos anos de aforro... Só fallaba unha semana e arredaríanse un do outro... Agardábao a Gran Cidade pra enrestrar horas, días e meses interminables deica se poderen xuntar outra vez...

O seu maxín era un enxamio de ideas que o Sidriño, alasando pola carreíra, esborrallou de súpeto.

—Primo, chámate o papái. Está co señor Grilo na Escadiña e queren falarche.

O Xan despreguizouse e, botando a man á vara do cativo, cal se tivera falla de axuda pra se incorporar, ergueuse e ambos e dous camiñaron corga arriba.

—¿I el é verdade, falou o Sidriño, que vas casar coa Sara?

—E ti ¿qué dís a todo iso?

A min agradaríame moito. Así quedarías con nós pra sempre e non voltarías á cidade.

—Non podo quedar eiquí. Non sei traballar a terra e ademáis... O que me poida tocar en herdo é pouco.

—Nos ben vivimos, aventurou o arriscado pequeño.

O Xan aloumiñouno agarimoso. Qué pouco sabía íl dos trafegos da vida! ¿Cómo ía quedar na aldea pra traballar catro leiros que inda non lle abondaban ó Grilo? ¿Sacaría a lexítima pra emprobecer máis ó Sidro?

E díxolle:

—Namentras non haxa industria, Sidriño, eiquí sobramos moitos homes. Dios queira que, cando ti señas home, se teña arranxado o problema do noso país. Polo de hoxe o futuro dos novos está na emigración!

Polo camiño, o rapazolo martelaba na sua teima:

—Ben se casaron os de Vilelos e, se viras qué grande festón fixeron...

—Sidriño, a vida está chea de atrancos. Eu son novo. Non digo que algún día non case coa Sara; pero aínda me queda moito que mallar deica aló.

—O señor Xosé María contoume dun rapaz labrego que casou coa filla dun rei. Máis atrancos que os que tivo íl, coido que non os teña ninguén, ¿Queres que cho conté?

—Conta, logo! O camiño tárasenos máis levadeiro.

O máis novo de tres irmáns non tiña outra divertición que os peixes e un día pescou unha troita, que lle falou desta maneira:

—Sóltame e mañán lévasme.

O mozo ceibouna e ó día seguinte volveuna apillar e entón díxolle a troita:

—Hoxe podes levarme; pero non me comas. Trónzame en tres anacos e entérraos na horta.

Fíxoo tal coal e, de alí a poucos días, dun cacho naceron tres lións; do outro tres cabalos e, do terceiro, tres espadas.

Como eran tres irmáns, cada un colleu seu cabalo, seu lión e sua espada. E acordaron:

—E agora ímonos polo mundo adiante na percura de tesouros.

E collerón camiño.

En chegando a unha encrucillada, conviñeron seguir roteiros diferentes; pero antes agacharon, baixo dun penedo, unha cunca de auga e decidiron que, de volta, caso que

alcontraran a auga aquela entoldada, sería sinal de que ún díles corría peligro e irían valerlle os outros.

Despedíronse en busca de sorte e, o máis vello, despóis de longas horas de andadura, reparando na lonxanía, preguntoulle a un paisano:

—Bon home, ¿Cal castelo é aquil?

—O de Babilonia. Quen vai acola, non torna!

—Pois vou eu, dixo o rapaz.

O chegar, bateu na porta e saíu unha vella que o mandou pasar.

Por mor do frio, sentáronse a carón da lareira e, namentres se quentaban, a vella arrincou un pelo da cabeza e deullo. Logo tirou outros tres e díxolle:

—Co primeiro, prende o cabalo. Co segundo, o lión e, co outro, a espada.

Obedeceulle o rapaz e a vella seguiu:

—Amigo, agora imos a unha loita.

O mozo albiscou mal as contas e berrou:

—Cabalo, venme acodir! Lión, venme acodir! Espada, venme acodir! A meiga, con grandes gargalladas espetou:

—Non venen, non; que os pelos da miña cabeza ferros son!

E, no intre, trocáronse en grosas cadeas, que trabaron ós dous animáis e á espada e convertiron ó mozo nunha estatua de pedra.

O irmán segundo non encontrou nada de interés no seu viaxe e, de volta prá casa, ó chegar á encrucillada, viu a auga chea de arguxos e, decontado, reemprendeu o camiño do máis vello con idéntica malafada, ficando engadado tamén.

O máis novo, no seu pelegrinar, deu cunha vella que estaba no cume dun outeiro, enguruñada pola friaxe e o medo.

Preguntoulle qué facía e a coitada, con arrepiantes laios, faloulle dunha cobra grandisma, de nove cabezas, que cada día lle sacrificaban unha persoa pra que comera, ondenón, baixaría ó pobo, aguilloada pola fame e faría un estrago.

—Hoxe cadroume a min, tatexou esconsolada.

—Pois non teña grima, que xa eu darei conta do monstro.

—Ai!, señor! Mire que o vai comer!, Teñen vido moitos cazadores e lapounos a todos. Lisque axiña e non se demore!

—Non pase coidado, pregoulle íl, e cáteme en canto non ven a cobra.

Fíxoo a vella pero, ós poucos de o estar catando, ouviron asubiar polo monte abaixo. Era a cobra das nove cabezas!

Lizgairo, montou a cabalo. Empuñou a espada adoecido e, a cada lostregazo, rolou unha cabeza. Logo arrincou as nove lingoas e envolvéndoas nun paño sedán, preguntoulle á afortunada vella de quén era o castelo que se ollaba na banda do leste.

— Non teime de ir acola, aconselloulle acorada, pois todo o que vai non volve. Alí vive unha lurpia que enfeitiza canto entra polo castelo enmeigado. Os pelos da sua cabeza son de ferro.

O mozo deu volta prá casa; pero, en chegando ó cruce dos tres camiños e ver a auga luxada, reemprendeu viaxe, sen acougo, mesmo astra chegar ó castelo.

Coa espada, bateu na porta e abriulle a meiga, que lle ofreceu pousada.

— Fai un frío de mil diaños, díxolle. Ista noite podes durmir no castelo e mañán xa seguirás camiño.

E acompañouno á cociña.

Cando estaban sentados a carón do lume, foi éla e arrincou un pelo da cabeza e deullo. Logo tirou outros tres e pediulle que prendera con íles o cabalo, o lión e máis a espada. Pero íl, sabedor do engado que tiñan, botounos no lume sen que éla se decatara.

A meiga, ríndose a cachón, díxolle:

—Irnos a unha loita, anda!

E o mozo berrou:

—Meu cabalo, venme acodir! Meu lión, venme acodir! Miña espada, venme acodir!

E a vella rosmou:

—Non venen, non; que os pelos da miña cabeza ferros son!

E o mozo espetou:

—Os teus pelos foron lume!

No intre entraron o cabalo, o lión e a espada couceando, mordendo e zorregando na vella a dios dar.

E amenazouna o rapaz:

—Ou ceibas toda a xente que tés enfeitizada ou date por morta!

E a condenada, estarrecida co medo, desencantounos a todos.

Alí estaban os seus irmáns e moitos mozos e mozas, todos sanos e salvos, que celebraron con grande algarabía a anceiada libertade.

De volta prá casa, ouviron contar naquiles pobos que a filla do rei, entregada coma un trofeo, ía casar co vencedor do monstro das nove cabezas.

Desacougados, os tres irmáns foron ó pazo real e virón, con noxo, un tolo esmirriado que se chufaba de ter matado a cobra e que agardaba a noiva pra se casaren. Il había un fervedoiro de xente que o agasallaba pola sua fazaña. Pero o verdadeiro heroi, furando entre a moitedume, berrou afogueirado:

—¿Onde hai cabezas sen lingoas? Fun eu quen matou a cobra!

O reí pediu que lle amosaran as cabezas, e resultou estaren sen lingoas e o mozo, sacando o paño do bulsón, dixo triunfador:

—Vede as lingoas desas cabezas.

A princesiña, desfeita en saloucos porque se coidaba escrava dun tolo, choutou de ledicia e o rei perdonou ó paifoco baballán e ordenou a boda da sua filla co valente rapaz, celebrándose grandes festas con abastados xantares, música e grandismo estrondo de foguetes.

O Xan surriu e o Sidriño preguntoulle satisfeito:

—¿Gustouche?

—Sí, pero non esquenzas que é un conto. Xa que falaches dunha cobra, vouche contar o que lle pasou a un rapaz que non tivo cabo tan feliz coma o do teu heroi.

—De cobras sei moito.

—¿Sabes, logo, o da Silba?

—Non. Ise non o ouvín xamáis.

—Pois atende:

Un cativo que andaba no monte, pillou unha cobra pequeniña e levouna prá casa. Os pais rifáronlle e puxeron moitos reparos porque podía mordelo; pero o rapaz soltouse a chorar, pregándolles, desconsoladamente, que non a mataran.

Como soio tiñan aquil fillo, acetáronlle o capricho e a mai preparoulle un xerro pra que a metera nil.

O rapaz púxolle de nome «Silba» e sacábaa todolos días a pasear. Chamaba por éla:

—Ven, Silba! E a cobra viña. Tíñaa domesticada coma un cadelo.

O cabo dun ano, xa non cabía no xerro e, na feira do Quince, mercoulle a ola máis grande que atopou. Pero a ola foi quedando pequeña tamén a medida que a Silba medraba. O tempo non se detiña e o rapaz xa ía mozo cando lle arranxou un caseto na cortiña, con pedras e cemento.

Alí vivía a cobra, farta, enchenta tras enchenta, sen xiadas, sen choivas, agarimada coma un cristiano, sempre co leite sobro.

Cando o chamaron a filas, pregoulle ó pai:

—Cóideme ben a cobra e non a deixe esgarecer de fame.

Daquela había quen botaba astra tres anos no servicio das armas, non era coma hoxe, que ós dazaoito meses xa quedan libres. Naquiles tempos os soldados tiñan permisos moi escasos e o rapaz do conto non voltou á casa astra pasados dous anos.

En canto pisou a aldea, a cobra foi a primeira cousa pra íl. E quedou varado:

Talmente, como se o recoñecera, a cada chamada agarimosa, enrodelábase lizgaira enfiando os ollos cara o seu valedor.

Chegou o día do retorno á «mili» e o pai ficou ó coidado da cobra novamente.

Co tempo, a Silba foise trocando nun culebrón de bafo fedorento e no pobo, cada día medraban as queixas porque os picariños non podían saír ós camiños inzados de culebras, atraguidas polos asubíos da Silba. Pero inda que a xente amenazaba ó home, íl non facía caso e acalábaos asegurando que o fillo estaba a chegar e xa determinaría íl qué debía facerse.

O día que o soldado tornou cumplido, comprendendo a razón dos veciños, acordou matar a cobra, que era do grosor do eixo dun carro:

Plantouse na eira coa escopeta na man e abriulle o portelo do caseto, na seguranza de que era a cobra maina de sempre; pero, súpetamente, a Silba abalanzouse contra o infeliz, batendo con íl no chan. Inda que o coitado disparou, xa non conqueriu desenlearse daquelas apertas de morte.

O pai chegou tarde pra valerlle e, enlouquecido pola door, cun machado rematou o reptil enrodelado no corpo do seu desgraciado fillo.

Di a xente que a cobra, en troques de sangue, botaba leite a cachón.

—Iste conto non ten que ver coa boda, espetou o Sidriño.

—Ten, sí. O mozo do teu conto matou o monstro das nove cabezas e, como premio, casou coa filla do rei; o protagonista do meu, ficou morto pola aperta da Silba. Teño matinado moito niste conto e coido que a Silba pondera ser un símbolo da nosa Terra. Eu son o rapaz que vive lonxe, emigrado á forza, co anceio posto na Patria que adoro. E fermosa, donda, verdecente e agarimosa; pero tamén éla apreixa pola cintura, premendo estómagos, matando de fame ós seus. Sidriño, non podo demorarme eiquí. Debo camiñar. A Sara quérolle e será a miña muller; mais o noso fogar está lonxe... Dentro de pouco o tren levarame á Gran Cidade. Alí temos a nosa laboura e o noso porvir.

A Sara tamén emigrará. Os seus pais malvenderán as terras e vivirán connosco nun piso — un piso é algo así como os nichos que ves no adro da eirexa, inda que máis grande— e lonxe, moi lonxe, ficará a Silba que — doime decilo— esgana e zuga ós seus fillos a pesar da paixón que sinten por éla.

Deica hoxe Galicia —como a Silba— viviu domesticada e insolidaria, por iso os desherdados rousamos por terras alteas.

**Manuel Rodríguez López**
Do libro "REENCONTRO COA ALDEA"
(Edicións Do Castro, 1983)


CONCELLO DE
PARADELA
DEPUTACIÓN DE LUGO